

CARTAFOL DE PATRIANO



Ceifa nº3

**As coalicións de goberno no Concello de
Muros no período 1995-2007.**

Francisco Abeijón Núñez

Índice:

| | |
|---|-----------|
| 1. Limiar | 3 |
| 2. O estudo das coalicións | 4 |
| 3. A formación dos gobernos | 9 |
| 4. A dinámica das coalicións | 20 |
| 5. Os rendementos das coalicións | 29 |
| 6. Conclusión | 44 |
| 7. Anexo documental | 46 |
| 8. Bibliografía | 64 |

1. Limiar.

Este traballo pretende acercarse ás coalicións de goberno local que se formalizaron no Concello de Muros (A Coruña) no período que vai de 1995 a 2007.

O noso obxectivo será tratar de coñecer os principais motivos, as características dos executivos e os resultados que se obtiveron coa constitución de tres acordos de goberno local entre os principais partidos políticos galegos.

Foron tres coalicións que lle permitiron ao Partido Socialista conservar ininterrompidamente a alcaldía de Muros durante este período. En 1995 gracias a un acordo entre o PSOE e o BNG. En 1999 por un acordo entre o PSOE e o PP. E en 2003 por un pacto de goberno suscrito outra volta entre o PSOE e o BNG. Aínda que en realidade estes tres acordos fructificaron en cinco executivos coaligados distintos debido a especiais circunstancias que suporían aos falecementos dos rexedores Xosé Lago e Celestino Formoso en plena vixencia dos seus mandatos. Este extremo obrigaría a renovar os acordos suscritos ao encetar a lexislatura, se ben con outros interlocutores distintos aos que formalizaran inicialmente os pactos de goberno.

Imos centrarnos en clasificar os factores que posibilitaron a xestación dos sucesivos pactos de goberno. Intentar coñecer a importancia e o alcance dos mesmos dende un enfoque multidimensional. Polo que debemos ter en conta non soamente os factores ideolóxicos e a aritmética electoral. Senón tamén que pretendemos estudar outras motivacións que puideron favorecer os acordos de goberno.

Partindo da hipótese de que as coalicións de goberno fructificaron principalmente pola vontade de acordo e pola predisposición das elites políticas a entrar a formar parte do goberno a pesar das diferencias ideolóxicas e resolvendo todos os avatares experimentados en lexislaturas anteriores.

2. O estudio das coalicións.

A principal característica dun goberno de coalición é a presenza de máis dunha formación política no executivo. Para o estudio dos gobernos de coalición pódense empregar principalmente dous enfoques: por unha banda están as *teorías formais*, preocupadas por predecir os futuros gobernos de coalición con estudos centrados na aritmética electoral e nos factores ideolóxicos. E por outro lado están os *enfoques multidimensionais* centrados en explicar o funcionamento interno e a duración da coalición de goberno.

Se ben algunha dimensión -xurídica, institucional, electoral, sistema de partidos, cultura política, etc...- pode ter máis peso que outra. Todas as dimensións deben concibirse relacionadas entre si, inseríndose no funcionamento do sistema político.

A primeira liña de investigación sobre a creación dunha teoría de coalicións políticas nacería ao abeiro da teoría de xogos de *Von Neumann e Morgenstern* aplicada durante os anos cincuenta e sesenta do século vinte. A teoría de xogos abriu un campo enorme de posibilidades nas ciencias sociais. Os principais expoñentes foron *Riker* (1962) e *Leiserson* (1966). Para *Riker* a coalición gañadora sería a que se formase con un tamaño mínimo e co menor número de partidos. Engadindo *Leiserson* que os partidos con preferencias ou programas similares constituirían a coalición gañadora mínima de menor heteroxeneidade. O factor de negociación vai convertese en clave para acadar o acordo definitivo. *Axelrod* (1970) tamén ten en consideración a proximidade ideolóxica ao deseñar unha coalición gañadora mínima afín integrada por partidos próximos no espectro político. De xeito que a coalición exitosa non precisa ser necesariamente a coalición mínima.

Unha segunda tradición parte dos traballos de *Duverger* (1951) sobre as institucións e os partidos políticos. O modelo de *Duverger* resultaría paradigmático nos estudos europeos. O contexto europeo resultaría propicio para practicar un enfoque institucional e comparativo da formación dos gobernos tomando como base da política aos partidos. Mentres que nos Estados Unidos

valorouse máis o coñecemento do comportamento dos líderes e dos grupos sociais e políticos nos procesos de negociación sobre o reparto de postos e a execución de políticas concretas. Os traballos de *Duverger*, *Lijphart*, *Blondel*, *Rokkan*, *Linz* e *Sartori* foron investigacións empíricas e teóricas comparativas que se centraron no proceso de formación de goberno no marco do sistema político xeral e do sistema de partidos. A análise dos partidos políticos constitúe o fundamento e o trazo máis peculiar das investigacións europeas de coalicións políticas. Os partidos son os protagonistas das alianzas. Pero as alianzas solo son posibles se a historia, a base social, a cultura política, a estrutura e a ideoloxía o permiten.

En terceiro lugar atopamos unha tendencia de investigación sociopsicolóxica das coalicións creada por *Caplow* (1956), que continuarían *Gansom* (1961) e *Chertkoff* (1967). A partir dos anos cincuenta desenrolouse esta vertente nos estudos sobre coalicións coas investigacións en sociopsicoloxía que levaron a *Caplow* a traballar sobre xogos coalicionais dentro de grupos pequenos. Nesta mesma liña seguirían os estudos de *Gamson* e *Chertkoff*.

Finalmente hai que mencionar outra corrente teórica de estudos sobre a toma de decisións democráticas baseada no comportamento racional proposta nos traballos presentados por *Downs* (1957), *Black* (1958) e *Buchanan e Tullock* (1962).

Neste traballo vou empregar o esquema específico para a investigación das coalicións postelectorais nos gobernos locais deseñado polo profesor da Universidade de Santiago, *Guillermo Márquez Cruz*.

En resumo, trátase de utilizar o enfoque multidimensional establecendo vinte indicadores agrupados en tres grandes apartados:

- a) A formación do goberno.
- b) A dinámica da coalición.
- c) Os rendementos da coalición.

Os indicadores empregados para a análise das coalicións nos gobernos locais serán os seguintes:

A) A FORMACIÓN DO GOBERNO DE COALICIÓN

1. Tipo de elección do Alcalde.

- 1.1. Tipos de coalición: vencedora mínima, coalición sobredimensionada, e minoritaria.
- 1.2. Índices de poder coalicional.
- 1.3. Porcentaxe de votos obtidos na elección sobre o número legal de membros do Pleno.
- 1.4. Índice ponderado de consenso.

2. Tipo de entorno executivo ou equipo de goberno local de coalición.

- 2.1. Equipo de goberno según o tipo de nomeamento: nomeamento semicorporativo ou dual / de libre nomeamento do presidente.
- 2.2. Equipo de goberno según tipo de coalición: vencedora mínima, sobredimensionada, e minoritaria.
- 2.3. A práctica da cooptación nun equipo de goberno de coalición.

3. O carácter da formación do entorno executivo local.

- 3.1. O goberno de mandato local (elección do alcalde pola vía ordinaria): constitución do concello, renuncia, falecemento, sentenza xudicial, o perda dunha cuestión de confianza do alcalde.
- 3.2. Goberno demandado local (elección do alcalde pola vía extraordinaria): mediante unha moción de censura.

4. Os apoios da coalición no Pleno da Corporación.

- 4.1. Número e proporción dos concelleiros dos partidos coaligados no Pleno.

5. Número de membros do entorno executivo local e a súa distribución entre os partidos coaligados.

- 5.1. Número e proporción respecto ao total de membros.
- 5.2. Porcentaxe de membros do equipo de goberno (básico ou amplo) sobre o total do Pleno.

6. A importancia dos partidos.

- 6.1. Equilibrada / desequilibrada.

7. O momento coalicional.

7.1. Preelectoral: candidaturas conxuntas, y/o produción de goberno.

7.2. Postelectoral: produción de goberno.

8. Ideoloxía dos partidos.

8.1. Conectada /non conectada.

8.2. Índices de polarización: ideolóxica e ponderada.

9. Ámbito organizativo dos partidos.

9.1. Estatal (PAE), non estatal (PANE), ou mixto (PAE+PANE).

10. Formalización da coalición.

10.1. Momento coalicional: preelectoral/postelectoral.

10.2. Modos: documental, non documental

10.3. Grados territoriais: estatal, autonómico e local.

11. Motivación da coalición.

11.1. Motivacións clásicas: por cargos, e por aplicación de programas políticos.

11.2. Motivacións ad hoc.

B) A DINÁMICA DO GOBERNO DE COALICIÓN.

12. Duración do goberno de coalición.

12.1. Estable / Inestable.

12.2. Número de meses.

12.3. Taxa de supervivencia respecto ao total do período do mandato local.

12.4. Número de remodelacións do goberno de mandato local.

13. Establecemento de procedementos de coordinación da coalición.

13.1. Órganos internos de coordinación dos partidos membros da coalición no Concello: coordinación funcional ou técnica, e coordinación política.

13.2. Órganos externos de seguimento dos partidos que pactaron a coalición nun ámbito territorial.

C) OS RENDEMENTOS DO GOBERNO DE COALICIÓN.

14. O programa de goberno: as políticas públicas locais.

14.1. A axenda política: o programa de goberno.

14.2. Formulación e implementación das políticas públicas.

14.3. Os actores das políticas: goberno local, relacións inergubernamentais, entidades de base territorial, ou partenariado público-privado.

15. Distribución das áreas de xestión ou servizos entre os partidos coaligados.

15.1. Modelo de xestión e deseño organizativo.

15.2. Áreas de xestión e delegacións de servizos asignadas a cada partido coaligado.

15.3. Nomeamentos dos órganos municipais complementarios.

16. A xestión do presuposto.

16.1. Criterios para a elaboración do presuposto.

16.2. Distribución do presuposto según as áreas de xestión dos partidos coaligados.

16.3. Presentación dunha cuestión de confianza para a aprobación do presuposto anual.

17. A produción normativa local.

17.1. Número de normas.

17.2. Tipo de normativa.

17.3. Materias reguladas.

17.4. A distinción entre novas normas e modificación das existentes.

17.5. Presentación dunha cuestión de confianza para a aprobación do regulamento orgánico, ordenanzas fiscais e a norma que pon fin aos instrumentos de planeamento.

18. Tipos de dedicación e sistemas de retribucións e indemnizacións polo desempeño dos cargos locais.

18.1. Criterios e sistemas de remuneración.

18.2. Número de cargos con dedicación exclusiva e parcial.

19. Persoal contratado eventual de confianza ou asesoramento especial.

19.1. Número de persoal contratado.


19.2. Tipo de dedicación (contratación de xerente/es).

20. Os resultados electorais dos partidos coaligados nas eleccións locais seguintes.

20.1. Valoración dos resultados electorais dos partidos coaligados.

20.2. Consecuencias para os partidos coaligados no novo período de mandato local.

3. A formación do Gobernos.



- Resultados electorais no período:

A singularidade do período estudado móstrase tamén mesmo nos resultados electorais, nos que se aprecia que a distancia entre os partidos estreitase. Con anterioridade houbera un período estable de dominio electoral do PSOE. Mentres que agora iníciase unha etapa na que a victoria corresponderalle a un partido distinto en cada comicio.. E en 1995 a victoria electoral será do PP, en 1999 do PSOE e no 2003 do CDI. Mentres que a alcaldía seguirá ininterrompidamente nas filas do partido socialista.

- Participación electoral:

A participación nas eleccións municipais resulta algo menor que a que se rexistra nas eleccións xerais e autonómicas. O índice de abstención sitúase en todo o período por debaixo do 40% .

| | 1995 | 1996 | 1997 | 1999 | 2000 | 2001 | 2003 | 2004 | 2005 |
|-----|-------|-------|-------|-------|-------|-------|------|-------|-------|
| | MUN | XER | AUT | MUN | XER | AUT | MUN | XER | AUT |
| (%) | 63.67 | 69.64 | 62.27 | 60.73 | 67.66 | 62.73 | 64.9 | 73.61 | 66.77 |

- Número de votos:

A victoria electoral sitúase por enriba dos dous milleiros de votos salvo nas eleccións de 2003 nas que a presenza dunha cuarta candidatura permite acadar a primeira posición con cerca de mil oitocentos votos. Os partidos popular e o

socialista rexistran perdas continuadas nos seu apoio electoral. No caso do PP a baixada electoral supera o 56% parece que principalmente debido a presenza da candidatura do Centro Democrático Independiente posto que o PP mantén ou mesmo incrementa o seu apoio electoral nos outros comicios xerais e autonómicos e baixa significativamente nas eleccións municipais. O PSOE experimenta unha perda de apoio electoral no período próximo ao 29%. Mentres que o BNG incrementa os seus resultados nun 79%, conseguindo abandonar o último posto electoral ao superar no 2003 ao Partido Popular.

| | 1995 | 1996 | 1997 | 1999 | 2000 | 2001 | 2003* | 2004 | 2005 |
|------|------|------|------|------|------|------|-------|------|------|
| | MUN | XER | AUT | MUN | XER | AUT | MUN | XER | AUT |
| PSOE | 2497 | 2377 | 1385 | 2043 | 1436 | 1195 | 1764 | 2182 | 1759 |
| PP | 2591 | 2530 | 2540 | 1419 | 2808 | 2335 | 1140 | 2768 | 2283 |
| BNG | 814 | 1124 | 1700 | 1015 | 1426 | 1668 | 1461 | 1042 | 1428 |

* Partido gañador o Centro Democrático Independiente (CDI) con 1827 votos -29.3%-.

- Posto acadado nas eleccións:

O primeiro posto electoral muda en cada comicio. En 1995 foi o PP o primeiro partido, en 1999 será o PSOE e no 2003 o CDI conseguirá a victoria electoral na que sería a súa segunda participación nos comicios municipais.

| | 1995 | 1996 | 1997 | 1999 | 2000 | 2001 | 2003 | 2004 | 2005 |
|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| | MUN | XER | AUT | MUN | XER | AUT | MUN | XER | AUT |
| PSOE | 2 | 2 | 3 | 1 | 2 | 3 | 2 | 2 | 2 |
| PP | 1 | 1 | 1 | 3 | 1 | 1 | 4 | 1 | 1 |
| BNG | 3 | 3 | 2 | 4 | 3 | 2 | 3 | 3 | 3 |

- Porcentaxe de votos:

| | 1995 | 1996 | 1997 | 1999 | 2000 | 2001 | 2003 | 2004 | 2005 |
|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| | MUN | XER | AUT | MUN | XER | AUT | MUN | XER | AUT |
| PSOE | 40.8 | 37.5 | 23.8 | 33.5 | 24.5 | 22.2 | 28.2 | 35.1 | 31.3 |
| PP | 42.3 | 39.9 | 43.7 | 23.2 | 47.9 | 43.4 | 18.2 | 44.5 | 40.7 |
| BNG | 13.3 | 17.7 | 29.2 | 16.6 | 24.3 | 31.0 | 23.4 | 16.7 | 25.4 |

A porcentaxe de votos resultará moi variable para os partidos gañadores das eleccións municipais no período estudado. O Partido Popular conseguirá máis do 42% dos votos en 1995. Mentres que o PSOE en 1999 foi o primeiro partido

electoral con un apoio do 33.5%. E no 2003 o CDI gañaría as eleccións conseguindo o 29% do electorado.

- Competitividade electoral:

A competitividade electoral é un indicador que mide a diferenza entre as porcentaxes de votos obtidos polo primeiro e o segundo partido nas eleccións. O valor mostra que canto menor sexa o indicador, maior será a competitividade electoral. As eleccións de 1995 e 2003 foron as que presentaron unha competitividade máis alta. Aínda que mudaron os protagonistas, nun principio entre o PP e o PSOE e en 2003 entre CDI e PSOE.

| | 1995 | 1996 | 1997 | 1999 | 2000 | 2001 | 2003 | 2004 | 2005 |
|-----------------|-------------|------|------|-------------|------|------|-------------|------|------|
| | MUN | XER | AUT | MUN | XER | AUT | MUN | XER | AUT |
| Partidos | 1.5 | 2.4 | 14.5 | 8.1 | 23.4 | 12.4 | 1.1 | 9.4 | 9.4 |
| | PP | PP | PP | PSOE | PP | PP | CDI | PP | PP |
| | PSOE | PSOE | BNG | CDI | PSOE | BNG | PSOE | PSOE | PSOE |

- Número de concelleiros:

O concello de Muros durante o período estudado contaba con unha poboación superior aos 10001 habitantes. E polo tanto ao abeiro do disposto no artigo 179 da Lei Orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral a corporación estaba integrada por 17 concelleiros.

| | 1995 | 1999 | 2003 |
|------|-------------|-------------|-------------|
| PSOE | 7 | 6 | 5 |
| PP | 8 | 4 | 3 |
| BNG | 2 | 3 | 4 |
| CDI | - | 4 | 5 |

Os partidos socialista e popular presentan no período unha senda descendente. Perdendo o PSOE un concelleiro en cada elección. E quedando o PP reducido a menos da metade dos seus concelleiros logo do xurdimento do CDI, chegando a quedar mesmo relegado a última posición electoral. O CDI, partido creado logo dunha escisión nas filas populares, arranca con forza en 1999 consolidándose no

2003 como o primeiro partido do concello. O BNG experimenta unha subida paulatina conseguindo abandonar a última posición en 2003 en detrimento do PP.


- Porcentaxe de concelleiros:

| | 1995 | 1999 | 2003 |
|------|-------------|-------------|-------------|
| PSOE | 41.2 | 35.3 | 29.4 |
| PP | 47.1 | 23.5 | 17.6 |
| BNG | 11.8 | 17.6 | 23.5 |
| CDI | - | 23.5 | 29.4 |

3.2. Sistema de partidos

| | 1995 | 1999 | 2003 |
|----------|------|------|------|
| Partidos | 3 | 4 | 4 |

En canto ao sistema de partidos. Este traballo segue o criterio numérico tal e como foi trazado por *Sartori* (1977) de modo que clasificaremos os sistemas competitivos de partido en función do número de partidos con presenza na corporación.



- Número de partidos con representación no Concello:

O sistema de partidos poderá clasificarse da seguinte maneira:

- Partido predominante. Un partido domina de forma reiterada as eleccións.

- Bipartidismo. Presencia de dous partidos relevantes.
- Multipartidismo limitado. De tres a cinco partidos relevantes.
- Multipartidismo extremo. De seis a nove partidos relevantes.
- Atomizado. Presencia de dez ou máis partidos relevantes.

A fin de determinar cal é o sistema de partidos, orientámonos en primeiro lugar polo número efectivo de partidos. O número efectivo de partidos é un indicador cuantitativo desenrolado por *Laakso e Taagepera* (1979). O que nos indica é o grado de fraccionamento do sistema de partidos e tamén sobre o número relevante dos mesmos aos efectos da súa clasificación nas categorías presentadas por Sartori. Seguindo esta clasificación durante o período estudado poderíamos definir o sistema de partidos muradán como de pluralismo limitado

Duverger inicialmente dividiu aos partidos entre maioritarios e minoritarios. Considerando maioritarios aos partidos que recibiron cando menos o 50% dos votos. Sen embargo debe completarse co coñecemento cualitativo do sistema político e a significación real das forzas políticas. O número efectivo de partidos calcúlase neste traballo con base a porcentaxe de escanos. Unha sola elección pódenos dar unha fotografía do sistema de partidos nun momento dado. Pero non unha idea clara das tendencias que se desenrolan.

- Índices de número efectivo de partidos (Taagepera e Laakso):

| | 1995 | 1999 | 2003 |
|-----------------------------|------|------|------|
| Número efectivo de partidos | 2.5 | 3.7 | 3.8 |

Laakso e Taagepera propuxeron un índice que se converteu na medida estándar do número efectivo de partidos. O cálculo do número efectivo de partidos faise a través dunha fórmula moi utilizada en ciencia política, referida a partidos parlamentarios, dividindo a unidade pola suma dos cadrados da proporción de escanos de cada partido.

$$N_{\text{efectivo}} = \left(\sum_{i=1}^k P_i^2 \right)^{-1}$$

Deste xeito tense en conta non solo cantos partidos hai senón tamén a súa importancia relativa. O funcionamento práctico da democracia será distinto se, por exemplo hai cinco partidos e todos teñen un 20%, ou se entre dos partidos acumulan o 90%.

O número efectivo de partidos incrementouse durante este período pasando en 1995 de 2.5 a 3.8 en 2003.

- Índice de fragmentación de Rae:

Este índice indica a probabilidade que dous votantes escollidos ó chou opten por diferentes partidos nunha determinada elección. O cero indica que todos os votantes se inclinan polos dous primeiros partidos e o valor un establece o contrario.

| | 1995 | 1999 | 2003 |
|---------------|------------------|-------------------|-------------------|
| Electoral | 0.172 | 0.414 | 0.426 |
| Parlamentaria | 0.118 | 0.412 | 0.412 |
| Partidos | PP / PSOE | PSOE / CDI | CDI / PSOE |

- Competitividade parlamentaria:

A competitividade parlamentaria mide a diferenza entre a porcentaxe de escaños obtida polos dous primeiros partidos. A competitividade será maior canto menor sexa o valor do seu índice. Observamos como a competitividade é moi elevada sobre todo nas eleccións do 2003 onde o PSOE e o CDI igualaron en 5 o seu número de escaños.

| | 1995 | 1999 | 2003 |
|----------|-------------|-------------|-------------|
| | 5.9 | 11.8 | 0.0 |
| Partidos | PP | PSOE | CDI |
| | PSOE | CDI | PSOE |

- Porcentaxe de concentración entre o primeiro e o segundo partido:

A concentración entre o primeiro partido e o segundo partido é moi elevada en 1995. Diminuíndo de xeito sostible a medida que avanza o período estudado.

| | 1995 | 1999 | 2003 |
|-----------------|-------------|-------------|-------------|
| Votos | 82.81 | 58.55 | 57.40 |
| Escanos | 88.24 | 58.82 | 58.82 |
| Partidos | PP | PSOE | CDI |
| | PSOE | CDI | PSOE |

- Índice de volatilidade:

É un indicador da estabilidade ou da variación no sistema de partidos. Este índice calcúlase a nivel de agregados, posto que para súa elaboración tómanse en consideración as diferencias porcentuais dos votos obtidos polos partidos entre dúas eleccións. É por isto que non pode interpretarse este índice como un indicador de cambios individuais de comportamento. Ao ser función das variacións dos resultados dos partidos entre eleccións poden dar unha idea da importancia dos cambios de comportamento electoral entre ambas eleccións. A fin de contas, é un indicador do maior ou menor volume de cambios de comportamento que se veñen rexistrando nos procesos electorais. O índice de volatilidade total é o equivalente a semisuma das diferencias en termos absolutos na porcentaxe de cada partido entre dúas eleccións.

O resultado ofrece, de maneira aproximada, a porcentaxe mínima necesaria de electores que cambiaron de opción de voto entre unha elección e outra.

Hai que ter presente que é unha medida aproximada, posto que non ten en conta nin as variacións na participación, nin os cambios derivados da incorporación de novos votantes e da desaparición de outros.

Para suplir esta eiva, unha posible forma é, engadir ao cálculo do índice de volatilidade a correspondente variación na porcentaxe rexistrada pola abstención. De forma que se reflectiría no resultado final os incrementos e baixadas na participación. Pero polo carácter agregado desta ferramenta, non pode empregarse para a explicación de comportamentos individuais.

| | 1995-1991 | 1999-1995 | 2003-1999 |
|--------------------------|------------------|------------------|------------------|
| Volatilidade neta | 2.78 | 1.15 | 0.2 |
| Corrixida coa abstención | 5.56 | 2.62 | 1.84 |

3.3. Formación dos Gobernos municipais.

- Hipóteses de coalicións mínimas vencedoras e gobernos de coalición:

1) 1995:

| Hipóteses de coalición mínima vencedora | Distancia ideolóxica | Nº de partidos | Tamaño da coalición |
|---|----------------------|-----------------------------|---------------------|
| a) PSOE + BNG | 1 | 2 | 9 (52.9%) |
| b) PP + BNG | 2 | 2 | 10 (58.8%) |
| c) PP+ PSOE | 2 | 2 | 15 (88.2%) |
| Total concelleiros: 17 | | Maioría absoluta: 9 (52.9%) | |

Nestas eleccións a dimensión ideolóxica parece que foi considerada decisiva para a coalición vencedora que se conformaría entre o PSOE e o BNG. Estes dous partidos sumarían os nove concelleiros necesarios para formar unha coalición estable co 52.9% de membros da corporación entre o segundo e o terceiro partido electoral. Con este acordo pechábaselle a posibilidade de acceso ao goberno municipal ao partido gañador nas eleccións.

2) 1999:

| Hipóteses de coalición mínima vencedora | Distancia ideolóxica | Nº de partidos | Tamaño da coalición |
|---|----------------------|-----------------------------|---------------------|
| a) PSOE + PP | 2 | 2 | 10 (58.8%) |
| b) PSOE + BNG | 1 | 2 | 9 (52.9%) |
| c) PSOE + CDI | 2 | 2 | 10 (58.8%) |
| d) PP + BNG + CDI | 2 | 3 | 12 (75.6%) |
| Total concelleiros: 17 | | Maioría absoluta: 9 (52.9%) | |

A competición electoral entre catro partidos daría a posibilidade de conformar tres combinacións de coalicións mínimas vencedoras, das que finalmente fructificará - a pesar da distancia ideolóxica- a coalición entre o primeiro e o segundo partido electoral. A coalición vencedora foi a conformada entre o PSOE e o PP con dez concelleiros que representaban o 58.8% da corporación.

3) 2003:

| Hipóteses de coalición mínima vencedora | Distancia ideolóxica | Nº de partidos | Tamaño da coalición |
|---|----------------------|-----------------------------|---------------------|
| a) PSOE + BNG | 1 | 2 | 9 (52.9%) |
| b) PSOE + CDI | 2 | 2 | 10 (58.8%) |
| c) BNG + CDI | 2 | 2 | 9 (52.9%) |
| d) PP + BNG + CDI | 2 | 3 | 12 (75.6%) |
| Total concelleiros: 17 | | Maioría absoluta: 9 (52.9%) | |

Nestas eleccións o acordo entre o PSOE e o BNG voltará a conformarse como a coalición vencedora. Neste caso ao igual que en 1995 o acercamento ideolóxico voltou a confirmarse como o factor determinante da coalición entre o PSOE e o BNG, sumando nove concelleiros que representaban o 52.3% da corporación.

- Porcentaxe de votos no Pleno dos partidos coaligados:

| | 1995 | 1999 | 2003 |
|-----|-------------|-------------|-------------|
| (%) | 52.9 | 58.8 | 52.9 |

As coalicións de 1995 e 2003 constituíronse con nove concelleiros da corporación que representaban a porcentaxe mínima necesaria para poder conformar un goberno estable nunha corporación de dezasete concelleiros. Mentres que a coalición de 1999 entre o PSOE e o PP con dez concelleiros supoñía unha coalición superior a mínima necesaria.

- Numero de partidos implicados na coalición:

| | 1995 | 1999 | 2003 |
|----------|-------------|-------------|-------------|
| Partidos | 2 | 2 | 2 |

As coalicións de goberno que se estableceron neste período estiveron sempre compostas por dous partidos. En 1995 e no 2003 as coalicións formáronse entre o segundo e o terceiro partido electoral (PSOE e BNG). Mentres que en 1999 a coalición de goberno formouse entre o primeiro e o terceiro partido electoral (PSOE e PP).

- Índice de continuidade dos concelleiros no Goberno:

Este índice elaborado por *Márquez* (1992) oscila entre cero e un. De xeito que o cero representa que non cambian os membros do goberno dunha lexislatura a outra e o valor un representa que cambian todos os membros do goberno. A continuidade é elevada no goberno Lago Hermida, no que se inclúe un concelleiro do BNG no executivo. A metade dos membros do executivo renóvanse no

gobierno Formoso Vidal (2). Será no gobierno Formoso Vidal (3) no que teña lugar unha maior renovación de membros do executivo.

| Gobernos | Datas | Índice de continuidade |
|--------------------------|--------------|-----------------------------------|
| Lago Hermida | 06/95-05/96 | 0.833 |
| Formoso Vidal (1) | 05/96-11/98 | 0.833 |
| Formoso Vidal (2) | 07/99-05/03 | 0.500 |
| Formoso Vidal (3) | 06/03-06/04 | 0.333 |
| González Cerviño | 06/04-07/06 | 0.833 |

- Principais características dos gobernos municipais coaligados:

| Goberno | Lago Hermida | Formoso Vidal (1) | Formoso Vidal (2) | Formoso Vidal (3) | González Cerviño |
|----------------------------------|--|---------------------------------|--------------------------------|---------------------------------|---------------------------------|
| Data de formación | 17/06/1995 | 08/05/1996 | 03/07/1999 | 14/06/2003 | 23/06/2004 |
| Carácter da súa formación | Lexislatura | Pasamento | Lexislatura | Lexislatura | Pasamento |
| Tipo de goberno | Coalición | Coalición | Coalición | Coalición | Coalición |
| Partidos | PSOE / BNG | PSOE / BNG | PSOE / PP | PSOE / BNG | PSOE / BNG |
| Importancia dos partidos | PSOE (41.2%) BNG (11.8%) | PSOE (41.2%) BNG (11.8%) | PSOE (35.3%) PP (23.5%) | PSOE (29.4%) BNG (23.5%) | PSOE (29.4%) BNG (23.5%) |
| Momento coalicional | Postelectoral | Postelectoral | Postelectoral | Postelectoral | Postelectoral |
| Ideoloxía dos partidos (esq/dta) | Homoxénea | Homoxénea | Heteroxénea | Homoxénea | Homoxénea |
| Ámbito organizativo dos partidos | PSOE (P.A.E.) [*] BNG (P.A.N.E.) ^{**} | PSOE (P.A.E.) BNG (P.A.N.E.) | PSOE (P.A.E.) PP (P.A.E.) | PSOE (P.A.E.) BNG (P.A.N.E.) | PSOE (P.A.E.) BNG (P.A.N.E.) |
| Duración do goberno (meses) | 11 | 31 | 47 | 13 | 14 |
| Taxa de supervivencia (%) | 22.9 | 83.8 | 100 | 27.1 | 58.3 |
| Membros do goberno | PSOE (83.3%) BNG (16.6%) | PSOE (83.3%) BNG (16.6%) | PSOE (66.6%) PP (33.3%) | PSOE (50.0%) BNG (50.0%) | PSOE (50.0%) BNG (50.0%) |
| Delegacións | PSOE (Alcaldía+1) BNG (1) | PSOE (Alcaldía+1) BNG (1) | PSOE (Alcaldía+1) PP (2) | PSOE (Alcaldía+4) BNG (4) | PSOE (Alcaldía+4) BNG (4) |

* P.A.E. Partido de ámbito estatal

** P.A.N.E. Partido de ámbito non estatal

4. A dinámica dos gobernos de coalición.

Goberno Lago Hermida.

Nas eleccións do 28 de maio de 1995 o PP foi o partido máis votado. E o seu líder José Antonio Lago Vidal reclamaría publicamente¹ a lexitimidade da súa elección como novo alcalde de Muros. Argumentando que os electores manifestaran maioritariamente co seu voto que querían ser gobernados polo Partido Popular despois de doce anos de goberno socialista no concello. Con este discurso de deslexitimación dos posibles pactos de goberno o líder do PP obviaba a lexislación electoral que establece dúas vías para o acceso a alcaldía. Así no artigo 196 da lei orgánica 5/1985 do réxime electoral xeral establece o procedemento para a elección de alcalde indicando que poden ser candidatos todos os concelleiros cabezaleiros das súas listas. Se algún obtén a maioría absoluta dos votos dos concelleiros proclámase alcalde. E se ningún obtén a maioría absoluta proclámase alcalde o concelleiro que sexa o cabeza da lista que obtivera o maior número de votos populares nas eleccións municipais.

Coa perda da cómoda maioría absoluta coa que o PSOE gobernaba en Muros; os socialistas entrarían a partir destas eleccións municipais nunha senda electoral descendente que continuaría ata o día de hoxe. Sen embargo, os distintos acordos de goberno permitiranlle conservar a alcaldía ininterrompidamente dende 1983. O alcalde Xosé Lago recorrería ao cleavage ideolóxico para xustificar o seu acordo co BNG sinalando que nas eleccións de 1995 as forzas progresistas resultaran maioritarias conseguindo o 57% dos votos mentres que a dereita solo acadara o 43%. Ademais de salientar que o feito de non ter grandes diferencias co BNG favorecería acadar un acordo de goberno. Sen embargo esta afirmación non era de todo certa como se encargaría de recordar o líder do Partido Popular que cualificou de “indulto ao rexedor”² o apoio do BNG ao PSOE. Lembrando mesmo unha denuncia criminal contra o responsable local do grupo nacionalista. En efecto, Xosé Lago Hermida denunciara xudicialmente o 28 de marzo de 1995 a

¹ *El socialista Lago Hermida fue reelegido alcalde de Muros. Contó con el apoyo de los dos concejales del BNG. José Antonio Lago Vidal afirmó que su partido fue el más votado y por lo tanto «el alcalde legítimo pertenece a las filas de nuestro partido».* El Correo Gallego (18/06/95).

² *“El PP de Muros deslegitima el pacto de gobierno PSOE-BNG”.* La Voz de Galicia (24/06/95).

aparición de O Manifesto³, o voceiro local de Galiza Nova. Neste panfleto vertíanse duras críticas contra a xestión do alcalde socialista. As críticas á súa xestión xa foran unha constante durante toda a lexislatura. Pero a alusión a existencia de corrupción no concello provocaría a presentación dunha denuncia⁴ criminal do alcalde socialista contra os nacionalistas. Finalmente este affaire resolveríase coa retirada da denuncia por parte de Xosé Lago, logo da integración no goberno municipal dos concelleiros do BNG.

O BNG xa con anterioridade ás eleccións municipais, fixera a oferta de formar unha coalición de goberno cos socialistas seguindo a estratexia de intentar desprazar ao PP do poder local e de construír alternativas progresistas nos concellos galegos. En consecuencia os concelleiros nacionalistas de Muros rexeitaron as propostas⁵ realizadas dende Partido Popular para quitarlle a alcaldía a Xosé Lago.

A formación do goberno atrasouse polas negociacións entre nacionalistas e socialistas. Parece que non foi tanto polo reparto do poder que consistiu nunha delegación parcial retribuída para cada grupo, ademais da dedicación total do Alcalde. Como pola composición da comisión de goberno. Posto que nun principio anunciárase a presenza dos dous concelleiros nacionalistas no

³ «...e todo gracias ao competentísimo grupo de goberno e aos seus «técnicos». Pensemos tamén nos outros amigos do choio da construción, eses que estiveron doce anos chupando do bote, os amigos dos camiños públicos de “San Francisco” e o “Paseo Bombe”, os amigos dos negocios inmobiliarios, das construcións faraónicas e dos bloques de cemento non ideooixizado (non todos somos iguais) ¿Quen son os do cotarro? 1,2,3,4 tal vez 5 (¡non! Que ao concello non lle interesa un equipo de fútbol, e se son menos, máis a repartir (...)) E como xa se di nos corredores clandestinos: “os millóns das comisións” (...) ¿Haberá cartos de rapiña? ¿Quen sabe cantos! ¿Quen sabe como! ¿Quen sabe onde!...Que teñan coidado, están no medio da diana e o fusil da verdade estaos a apuntar e a hora das explicacións está a chegar...». **O Manifesto. Marzo. 1995.**

⁴ “Está claro polo transcrito que o artigo que nos ocupa insinúa, ou mellor aínda, afirma que existe corrupción ou suborno na xestión das competencias urbanísticas do Concello. Como esa insinuación ou afirmación é radillamente falsa e gravemente atentatoria contra o honor e o prestixio do Concello, da Alcaldía e probablemente dalgún funcionario, formulo esta denuncia criminal coa finalidade que o Xulgado averigue quen sexa a persoa ou persoas responsables da redacción e publicación do mencionado artigo (...) O único dato que ten constancia este Concello é que unha das persoas que reparte os folletos pola Vila de Muros é José-Antonio González Maceiras (...)”. **Denuncia formulada por X.L.H. (28/03/95).**

⁵ “**El Partido Popular asegura que no pidió el apoyo del BNG para gobernar.** (...) Lo que sí reconoció el PP fue la solicitud hecha al Bloque para que se abstuviese en la elección del nuevo alcalde, ya que esto hubiese permitido «que accediera a la alcaldía el cabeza de lista más votada»”. **El Correo Gallego.(24/06/95).**

executivo⁶ e finalmente a comisión de goberno quedará composta por catro edís do PSOE e Xosé Fernández Taxes do BNG. A formalización do pacto materializouse sen a sinatura de ningún documento coñecido máis que o decreto de delegación de competencias da alcaldía na comisión de goberno. O modelo resultante desta negociación para formación da coalición de goberno local, na que se corresponsabilizarán os dous grupos da xestión global do executivo será a fórmula que se repetirá nas vindeiras coalicións de goberno existentes no concello de Muros en todo o período. Vaise encetar nesta lexislatura tamén a práctica seguida polos gobernos posteriores de asumir polo novo equipo de goberno os principais proxectos das lexislaturas anteriores como parte do programa executivo da nova coalición formada. Así o goberno de Lago Hermida marcaríase como obxectivos de lexislatura: a aprobación definitiva da normativa urbanística, a concesión do servizo público de auga, a contratación da reparación das obras do Pozo do Cachón e Miraflores... todos proxectos xa encetados e perfilados con anterioridade noutras lexislaturas.

Este goberno terá unha duración de once meses, debido ao falecemento do alcalde Xosé Lago nun accidente de tráfico en abril de 1996.

Goberno Formoso Vidal (1).

Este executivo polas especiais circunstancias nas que naceu, debido ao falecemento do anterior alcalde, formouse con idénticas características que o seu antecesor. O número dous da lista socialista Celestino Formoso será o encargado de ocupar a alcaldía. Tamén accederá ao goberno un novo concelleiro PSOE e o BNG manterá a porcentaxe que tiña do 16.6% na coalición gobernante.

Este executivo xurdía coa vocación de desenrolar unha política continuísta na que os principais proxectos eran os que xa estaban enriba da mesa como o remate do

⁶ “**Muros y Porto do Son siguen sin formar los equipos de gobierno.** (...) por este pacto, los concejales del BNG, Fernández Tajés y Domingo Pais Louro, estarán en el equipo dirigente además de obtener la presidencia de una delegación, todavía por decidir”. **El Correo Gallego (22/06/95).**

“**El alcalde socialista de Muros, está manteniendo en los últimos días varias reuniones para discutir la formación del nuevo equipo de gobierno.** Los únicos datos conocidos al respecto son los que se refieren a que los dos concejales del BNG pasarán a jugar un papel más importante en la política municipal. Según aseguró Lago Hermida, por lo menos uno de los dos concejales del BNG formará parte del gobierno”. **El Correo Gallego (28/06/95).**

paseo marítimo de Esteiro; o saneamento integral de todo o municipio; a construción do paseo marítimo de Muros; o cemiterio municipal; a elaboración dun plan urbanístico; o abastecemento de auga ás parroquias, etc...

No seo do partido socialista encetaríase unha loita polo poder local da que sairá fortalecido o liderado de Celestino Formoso en detrimento do concelleiro delegado de cultura e deportes Manuel Monteagudo⁷ que rematará saíndo do executivo en marzo de 1998. Esta crise faría tambalear o goberno local debido a que o executivo muradán mantíñase con un escaso marxe de diferenza. Contaba con un concelleiro máis que o Partido Popular que tiña oito concelleiros mentres que o PSOE tiña sete e o BNG dous concelleiros. O concelleiro Manuel Monteagudo remataría a lexislatura na bancada socialista pese a ser expulsado do executivo e a non participar no proceso de toma das decisións e mesmo a votar en sentido distinto aos concelleiros socialistas.

Pero as disensións no seo do goberno local non rematarán coas loitas internas nas filas socialistas. A finais do ano 1998, o primeiro tenente de alcalde, Xosé Fernández Taxes concelleiro do BNG, será cesado nas súas funcións. Os nacionalistas abandonarán a coalición de goberno acusando a Formoso Vidal⁸ de

⁷ *“El alcalde de Muros aparta del gobierno al edil delegado de cultura y deportes. (...) Manuel Monteagudo indicó que no dimitirá como concejal, ni piensa abandonar el partido con el que concurrió a las elecciones municipales. (...) José Antonio Lago Vidal, señaló que la crisis del ejecutivo solo puede superarse con la dimisión de todo el grupo de gobierno y la formación de un nuevo órgano presidido por la formación que ganó los pasados comicios en Muros. **La Voz de Galicia. (10/03/1998).***

*Celestino Formoso destituye al segundo teniente de alcalde, Monteagudo Romani (...) las funciones que venía desarrollando este concejal que llevaba siete años en el cargo, las asume a partir de ahora el propio madatario municipal (...) De momento, no se teme que este cese propicie una moción de censura, ya que se espera que Monteagudo, que ya ocupó el cargo en la anterior legislatura, siga apoyando al grupo de gobierno, formado con él por 7 concejales y 2 del BNG, mientras que el PP cuenta con 8 ediles. El propio Monteagudo afirmó ayer a este periódico su intención de “non dañar” a sus compañeros de partido, aunque espera conocer del alcalde los motivos que le llevaron a cesarlo (...) aseguró que este fin de semana un funcionario le hizo entrega de un decreto firmado por Celestino Formoso en el que anunciaba su destitución “sen máis explicación” (...) Xosé Fernández Taxes, negó ayer los rumores sobre la posibilidad que se produza una crisis en el grupo de gobierno e indicó que su formación política seguirá apoyando al actual alcalde”. **El Correo Gallego (10/03/98).***

⁸ *“O alcalde iniciou unha liña política inasumible e antidemocrática: acrecentou as actuacións escurantistas, adoptando decisións das que non éramos informados, e personalistas, contratando particularmente ao persoal para a brigada de obras (...) asumiu e mesmo promoveu a liña política da dereita aceptando o plan de comarcalización do PP (...) decidiu individualmente e de forma irregular a contratación dun axente de desenvolvemento comarcal sen ter en conta os*

personalista e autoritario na súa maneira de gobernar. Celestino Formoso rematará a lexislatura con un goberno en minoría. Acadaría o apoio do Partido Popular para a aprobación dos presupostos municipais de 1999. Este acercamento aos populares será o preludio dunha nova coalición de goberno que xurdirá na vindeira lexislatura. Formoso e Lago serían acusados de acordaren antes das eleccións apoiarse mutuamente entre os dous ao candidato que acadara o maior número de votos nos comicios do 13 de xuño de 1999.

Goberno Formoso Vidal (2).

Este goberno vai a formarse pola coalición entre os seis concelleiros do PSOE e os catro concelleiros do PP. No xurdimento desta coalición heteroxénea na dimensión ideolóxica non estaría tanto o desencontro entre socialistas e nacionalistas no executivo anterior; como o acercamento de Celestino Formoso aos populares que se produciu ao remate da lexislatura. Os nacionalistas mudaran de líder, presentando desta volta a Manuel García. Parece que indicando, unha certa autocrítica á política desenvolta polos seus concelleiros no goberno durante a anterior lexislatura e non rexeitando a posibilidade de formar unha nova coalición co PSOE. O PP viña de resolver unha profunda crise polo liderado da que xurdiría o Centro Democrático Independente. A pugna entre os concelleiros populares José Antonio Lago e Javier Tajés por encabezar a lista do PP ás eleccións do 13 de xuño fendería en dous o Partido Popular. E rematará coa saída do partido dun importante grupo de militantes para formar en poucos meses o CDI. Os resultados electorais outorgarían catro concelleiros a cada unha das formacións da dereita muradán. O PP ía interpretar a participación no executivo como a mellor maneira de remontar electoralmente logo da importante crise interna pasada. O PSOE que contaba coa lista máis votada tiña varias opcións para conservar a alcaldía de Muros. Dende gobernar en minoría, ata construír unha nova coalición de goberno co BNG a pesar do desencontro na anterior lexislatura, pasando polo pacto «contranatura» acordo co Partido Popular. Formoso decantaríase por un pacto co PP e deste acordo xurdirá un executivo estable. En todo o período estudiado esta vai a ser a única coalición de goberno que presente

criterios de igualdade e méritos cando tiñan concorrido á convocatoria persoas de maior capacitación que a que efectivamente foi contratada (...)” **O XEITO, nº1 12/98.**

unha taxa de supervivencia do cen por cen. Chegando o executivo sen aparentes fisuras ata o remate da lexislatura. Na práctica, ao igual que ocorreu no anterior coalición gobernante integrada polo PSOE e polo BNG, produciuse unha simbiose dos dous partidos no executivo local que daría estabilidade a coalición municipal de goberno. Nin sequera proxectos con transfundo ideolóxico como foi o asunto do tratamento dos residuos sólidos urbanos suporía un escollo insalvable para este executivo. O concello de Muros era fundador da Mancomunidade Serra do Barbanza como parte dun proxecto, apoiado polo PSOE e BNG, alternativo a SOGAMA (Sociedade Galega de Medio Ambiente), plan de tratamento dos residuos sólidos urbanos auspiciado pola Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular. Durante esta lexislatura o concello de Muros acordaría a separación da Mancomunidade Serra do Barbanza. Aínda que finalmente non se faría efectiva ante a imposibilidade de abandonar o proxecto sen sufragar un montante económico que sería dificilmente asumible polo executivo. Tanto o líder popular como o socialista⁹ farían ao remate da lexislatura unha valoración moi fructífera desta etapa e mesmo auguraron que este tipo de experiencias, moi distanciadas no cleavage ideolóxico, se repetirían no futuro en outras vilas de Galicia. Ao mesmo tempo que xa anunciaban a súa dispoñibilidade a subscribir de novo o pacto na vindeira lexislatura. Sen embargo os resultados electorais de 2003, rexistrarán baixadas electorais importantes para os dous partidos integrantes do executivo anterior e non posibilitarán o acordo PSOE-PP.

Goberno Formoso Vidal (3).

Nas eleccións do 25 de maio do 2003 os dous partidos da oposición experimentarían importantes avances electorais. A lista máis votada será a

⁹ “*Supoño que a experiencia de Muros repetirase noutras vilas. O rexedor, que gobernou estes últimos catro anos en coalición co PP, nega que a súa formación lle prohibise esta alianza e cree que o resultado foi beneficioso para os veciños.(...) Accedeu a alcaldía fai sete anos, ó finar o seu antecesor, Xosé Lago. Durante as súas dúas etapas como rexedor local compartiu o primeiro goberno cos nacionalistas, e durante o actual mandato chegou a un acordo cos edís do PP para constituir un executivo municipal estable (...) “cando cheguei á alcaldía xa existía un goberno local consolidado, pero a falta de entendemento cos concelleiros do BNG motivou a ruptura do pacto. Fai catro anos, atopámonos con que éramos a opción máis votada, pero non tiñamos a maioría. Foi entón cando, sabendo da experiencia cos nacionalistas, tentamos un acordo co PP, que resultou moi satisfactorio, tanto no trato persoal como na consecución de melloras para o vecindario. En contra do que se dixo, o meu partido non me prohibiu o acordo, e supoño que a experiencia de Muros se repetirá noutras vilas galegas”.* **La Voz de Galicia (26/04/03).**

encabezada por Javier Tajés ao fronte do Centro Democrático Independente. Sen embargo, unha vez coñecidos os resultados electorais e ante a imposibilidade de poder reeditarse o pacto anunciado entre o PSOE e o PP. A gran decisión quedaba nas mans dos catro concelleiros nacionalistas. O BNG podería desta volta escoller entre rematar coa alongada presenza dos socialistas na alcaldía de Muros e poñer no cargo municipal a oposición independente de dereitas ou ben intentar un novo acordo co PSOE. O líder do BNG, Xoán Bazarra¹⁰ faría nun principio unha lectura crítica do anterior goberno para despois acabar decantándose por un acordo de goberno progresista cos socialistas. O novo executivo vai estar integrado ao cincuenta por cento por representantes do PSOE e do BNG¹¹. Incluindo dedicacións exclusivas para os líderes do PSOE, Formoso Vidal e do BNG, Bazarra Agulla. Así como dedicacións parciais para varios concelleiros dos dous partidos. E por primeira vez, a pesar de continuar co modelo encetado en 1995 de confeccionar un equipo de goberno homoxéneo que se vai responsabilizar da globalidade do executivo, asinarase un documento público, no que as dúas forzas se comprometen a que as decisións relevantes do goberno municipal se tomarán de forma colexiada e por consenso na Comisión de Goberno. E de que a xestión ordinaria se levaría a cabo de forma coordinada. O PSOE tamén faría textualmente unha revisión das políticas adoptadas no mandato anterior. Ao

¹⁰ ***“Bazarra Agulla niega la existencia de un acuerdo para formar una coalición en Muros. El candidato a la alcaldía muradaza por el BNG, Xoán Manuel Bazarra Agulla, negó ayer que su formación. A la vez, el lider nacionalista mostró su satisfacción por los resultados logrados el domingo y agradeció el apoyo de los votantes (...)“o BNG, como forza democrática e progresista que é, esta aberto ó diálogo con tódalas opcións políticas, partindo da base do proxecto que temos para o concello: democratización da xestión municipal, desenvolvemento económico e unha calidade de vida digna (...) O PP e o PSOE deberán sacar importantes conclusións dos resultados obtidos, xa que a cidadanía decatouse de que a única forza progresista e de esuerdas que existe na actualidade é o BNG, e nós non defraudaremos ós electores (...) Nós fomos a formación política que máis medrou en Muros, incrementándose o apoio á nosa candidatura nun 40% respecto dos anteriores comicios”Bazarra no quiso concretar su posible participación en el futuro gobierno”. La Voz de Galicia.” (28/05/03).***

¹¹ ***“PSOE y BNG de Muros se reparten el ejecutivo equitativamente. El alcalde de Muros (...) ha decretado el nombramiento de los integrantes de la comisión de gobierno y asignado las delegaciones para dirigir y gestionar los servicios municipales. El órgano ejecutivo estará integrado por el alcalde y cinco ediles, tres de cada uno de los grupos del PSOE y del BNG (...) El organigrama directivo municipal sufre así una sensible variación, con la intención de “favorecer o contacto coas inquedanzas veciñais, atender mellor ás súas necesidades e aspiracións, e tamén facer unha oferta máis directa das posibilidades serviciais do Concello” según manifestaba ayer el alcalde muradano. (...)Por su parte (...) Xoán Manuel Bazarra (...) “procurarei estar o máis preto posible da cidadanía, e aínda que este despacho será o lugar no que poden atoparme os veciños, tamén acudiré a tódolos sitios donde a presenza do goberno do Concello o requira”. La Voz de Galicia (19/06/03).***

tempo que se adoptaban outras medidas tendentes a satisfacer aos nacionalistas como a regulación da participación veciñal, a constitución dos órganos consultivos de desenrolo económico, do consello escolar ou a periodicidade mensual dos plenos da corporación. Así como a reincorporación á mancomunidade de municipios Serra do Barbanza. Acolléndose outra volta ao modelo de xestión dos residuos sólidos urbanos propiciado polo PSOE e polo BNG na comarca. O executivo formado como resultado deste novo pacto sería avaliado aos poucos meses como positivo polos integrantes do goberno. Destacando Bazarra¹² a lealdade e o traballo en equipo do mesmo. O falecemento do alcalde Formoso Vidal obrigaría a que este acordo de goberno se tivera que renovar aos trece meses da súa andaina.

Goberno González Cerviño

Caridad González vai a converterse na primeira alcaldesa da historia de Muros. Concorrira as eleccións ocupando o número dous da lista do PSOE e polo tanto será a encargada de substituír ao falecido Formoso Vidal. Os dous partidos do executivo mostrarán a súa disposición a renovar o acordo. E as características do goberno de coalición manteranse coa incorporación dunha nova concelleira do partido socialista. A incorporación de Xoán Bazarra ao novo goberno da Xunta de Galicia en outubro do 2005 significaría a necesidade dunha nova reestructuración da corporación muradán. Vai incorporarse unha nova concelleira no executivo e Xosé Farinós será nomeado primeiro tenente de alcalde en substitución de Xoán Bazarra. Todos estes cambios non significarían a alteración do fondo do acordo político que situaba ao PSOE e ao BNG ao fronte do da corporación muradán. O pacto de goberno racharase en xullo do 2006 como consecuencia do cese de Farinós como primeiro tenente de alcalde e da súa separación do executivo. Parece que a crise tería a súa orixe no proceso de selección dos operarios da

¹² *“Bazarra destaca la lealtad que existe entre el BNG y el PSOE. El nacionalista valora positivamente los primeros meses de gobierno (...) Entre los logros conseguidos, el edil destaca las gestiones para construir el polígono industrial “o executivo caracterízase pola lealdade, o traballo en equipo e a búsqueda da eficacia e eficiencia para servir do mellor xeito á cidadanía”. Bazarra Agulla afirma que desde el Concello se hace un seguimiento estricto de las grandes actuaciones que facilitarán el despegue económico de Muros, al timepo que se avnaza en la democratización de la gestión municipal, objetivos éstos que se marcó el BNG durante la campaña electoral”. La Voz de Galicia. (17/10/03).*

brigada contraincendios. Un proceso que Farinós criticaría publicamente¹³. A destitución do concelleiro do BNG sería xustificada por Caridad González por deslealdade pública e falta de confianza no concelleiro. Ao non aceptaren os nacionalistas a destitución do seu compañeiro, producírase o saída do goberno de todos os concelleiros do BNG.

Finalmente a crise resolverase co nomeamento dun novo executivo. Desta volta integrado exclusivamente por concelleiros do PSOE. Deste xeito os socialistas gobernarán en minoría ata esgotar a actual lexislatura.


¹³ *“La alcaldesa de Muros destituye al nacionalista Farinós por "deslealtad" (...) La alcaldesa de Muros, la socialista Caridad González Cerviño, destituyó ayer al primer teniente de alcalde, el nacionalista Xosé Ramón Farinós López, de todas sus funciones en el gobierno municipal nombrando en su lugar a Agustín Pais Louro, también del BNG. Caridad González justificó su decisión al perder Farinós su confianza "por su deslealtad pública" y "no contar con nadie". La regidora aseguró que la gota que colmó el vaso fueron las declaraciones aparecidas esta semana en los medios de comunicación del hasta ahora teniente de alcalde denunciando la falta de transparencia de la alcaldía en la contratación de la brigada de incendios. Caridad González afirmó que su intención es seguir manteniendo el pacto suscrito con los nacionalistas, por lo que ha nombrado como teniente de alcalde a otro concejal del BNG. Farinós también fue destituido en sus funciones de delegado de Promoción Económica, Facenda, Cultura y Mocidade dejando de percibir la dedicación exclusiva. Tanto el concejal cesado como el BNG muradano declinaron hacer manifestaciones al respecto hasta que no se reúnan y analicen la situación, según comentaron fuentes nacionalistas.” El Correo Gallego (0/07/2006).*

5. Rendementos dos gobernos municipais de coalición.

- Magnitudes básicas dos orzamentos municipais:


A xestión económica dos orzamentos municipais no período estudado desenrolouse de xeito colexiado. Non se apreciaron dotacións orzamentarias independentes para os departamentos dotados de delegación. Departamentos que a pesar de estar facultados para dirixir as súas áreas respectivas, van a adoptar as decisións que comporten compromisos económicos no seo da comisión de goberno. A comisión de goberno vai a converterse tamén neste eido a principal institución do executivo coaligado. Polo que para acercarse as características e os rendementos en materia presupostaria parece máis axeitada unha análise das principais magnitudes económicas que nos mostren unha visión de conxunto da execución dos presupostos municipais.

Aforro público.



O aforro público obtense confrontando os ingresos de capital cos gastos de capital. O diñeiro engadido no aforro pasa a funcionar como un ingreso de capital en cada exercicio. Esta magnitude móstrase practicamente uniforme ao longo de todo o período –salvo nos exercicios 97 e 98- nunha cantidade superior aos 300.000 €.

Déficit / Superávit non financeiro.



Tamén chamada capacidade ou necesidade de financiamento. É o déficit que interesa a Unión Europea, do que fala o «Tratado de Maastricht» (1992) indicando que non pode superar o 2% do orzamento.


O cumprimento desta obrigaón resultaría especialmente problemática para o concello de Muros a partir do exercicio 2003, chegando mesmo a superar o 6,5% en 2005.

O déficit non financeiro calcúlase engadindo o aforro público aos ingresos de capital e restando o volume dos gastos de capital.

Endebemento bruto.


O endebedamento bruto representa a necesidade da emisión de débeda ou subscripción de créditos para presentar os presupostos equilibrados.

En todo o período salvo no exercicio 1999 resulta necesario acudir a créditos para cadrar o presuposto, resultando especialmente importantes na última lexislatura.



O cálculo do endebedamento bruto resulta de engadir o déficit non financeiro aos activos financeiros e restar o total dos gastos financeiros.

Endebedamento neto.



Esta magnitude vai mostrar a cantidade de crecemento neto da débeda. É unha magnitude de fondo de fluxo. O endebedamento neto representa a débeda viva, da que no período estudado se ben non coñecemos o seu volume si podemos saber canto vai aumentar anualmente. O endebedamento neto resulta da diferenca entre o capítulo 9 do presuposto de ingresos menos o capítulo 9 da previsión de gastos.

- Magnitudes básicas dos orzamentos municipais (*en miles de euros*):

| | 1995 | 1996 | 1997 | 1998 | 1999 | 2000 | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 | 2005 | 2006 |
|--|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| AFORRO PÚBLICO | 335,56 | 143,52 | 213,69 | 294,766 | 404,86 | 464,78 | 368,22 | 337,74 | 400,17 | 370,64 | 365,17 | 388,59 |
| DÉFICIT/SUPERAVIT FINANCEIRO | -101,2 | -50,56 | 94,84 | 79,93 | 147,25 | -0,60 | 69,12 | 44,11 | -196,4 | -359,5 | -398,4 | -126,3 |
| NECESIDADE DE ENDEBEDAMENTO BRUTO | -155,3 | -141,9 | -32,58 | -73,32 | 0,00 | -171,9 | -102,2 | -121,9 | -360,4 | -377,9 | -445,7 | -287,2 |
| ENDEBEDAMENTO NETO | 120,20 | 80,60 | -51,50 | -85,94 | -153,3 | -5,41 | -75,13 | -56,73 | 184,41 | 399,97 | 482,35 | 114,21 |

| Orçamento municipal (en miles de euros) | 1995 | 1996 | 1997 | 1998 | 1999 | 2000 | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 | 2005 | 2006 |
|--|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| I.-Impostos directos | 570,36 | 541,21 | 580,13 | 709,58 | 790,45 | 859,51 | 919,79 | 921,26 | 948,30 | 984,96 | 877,97 | 879,30 |
| II.-Impostos indirectos | 63,11 | 90,15 | 90,15 | 93,16 | 93,16 | 93,16 | 67,07 | 90,00 | 140,00 | 132,58 | 206,00 | 204,00 |
| III.-Taxas e outros ingresos | 569,46 | 415,90 | 443,32 | 386,15 | 401,65 | 449,47 | 491,07 | 570,19 | 590,49 | 751,60 | 702,99 | 707,59 |
| IV.-Transferencias correntes | 979,65 | 1.066,13 | 1.116,32 | 1.214,04 | 1.274,15 | 1.408,77 | 1.371,51 | 1.424,13 | 1.505,00 | 1.837,80 | 2.304,65 | 2.334,52 |
| V.-Ingresos patrimoniais | 9,32 | 9,32 | 9,32 | 10,82 | 10,82 | 18,03 | 62,63 | 30,30 | 30,40 | 25,50 | 30,83 | 30,16 |
| TOTAL INGRESOS CORRENTES | 2.191,89 | 2.122,71 | 2.239,24 | 2.413,75 | 2.570,22 | 2.828,94 | 2.912,06 | 3.035,87 | 3.214,19 | 3.732,44 | 4.122,44 | 4.155,57 |
| VI.-Alleamento inver. reais | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| VII.-Transferencias de capital | 1.689,17 | 642,91 | 1.648,50 | 1.098,71 | 1.163,69 | 807,80 | 761,20 | 770,11 | 2.637,04 | 3.269,91 | 1.504,53 | 1.702,84 |
| TOTAL INGRESOS CAPITAL | 1.689,17 | 642,91 | 1.648,50 | 1.098,71 | 1.163,69 | 807,80 | 761,20 | 770,11 | 2.637,04 | 3.269,91 | 1.504,53 | 1.702,84 |
| TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS | 3.881,06 | 2.765,61 | 3.887,74 | 3.512,46 | 3.733,90 | 3.636,73 | 3.673,26 | 3.805,98 | 5.851,23 | 7.002,35 | 5.626,97 | 5.858,41 |
| VIII.-Activos financeiros | 6,01 | 6,01 | 6,01 | 6,01 | 6,01 | 6,01 | 6,01 | 12,02 | 12,02 | 12,02 | 12,02 | 12,02 |
| IX.-Pasivos financeiros | 180,30 | 177,97 | 81,92 | 73,32 | 0,00 | 171,89 | 102,17 | 121,29 | 360,43 | 430,40 | 541,17 | 287,24 |
| TOTAL INGRESOS FINANCEIROS | 186,31 | 183,98 | 87,93 | 79,33 | 6,01 | 177,90 | 108,18 | 133,31 | 372,45 | 442,42 | 553,19 | 299,26 |
| TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS | 4.067,38 | 2.949,59 | 3.975,67 | 3.591,80 | 3.739,91 | 3.814,63 | 3.781,44 | 3.939,29 | 6.223,67 | 7.444,76 | 6.180,17 | 6.157,67 |
| I.-Gastos de persoal | 869,97 | 893,40 | 937,93 | 978,55 | 1.003,01 | 1.135,24 | 1.193,19 | 1.277,40 | 1.401,67 | 1.670,48 | 1.878,06 | 2.012,94 |
| II.-Gastos en bens correntes e servicios | 767,60 | 885,05 | 879,98 | 994,39 | 1.044,54 | 1.133,96 | 1.241,86 | 1.304,90 | 1.312,53 | 1.625,29 | 1.752,17 | 1.608,67 |
| III.-Gastos financeiros | 198,33 | 180,30 | 187,82 | 126,21 | 90,15 | 60,10 | 75,13 | 76,00 | 60,00 | 66,04 | 65,00 | 66,00 |
| IV.-Transferencias correntes | 20,43 | 20,43 | 19,83 | 19,83 | 27,65 | 34,86 | 33,66 | 39,82 | 39,82 | 0,00 | 62,05 | 79,37 |
| TOTAL GASTOS CORRENTES | 1.856,33 | 1.979,19 | 2.025,55 | 2.118,99 | 2.165,35 | 2.364,16 | 2.543,83 | 2.698,13 | 2.814,02 | 3.361,80 | 3.757,27 | 3.766,98 |
| VI.-Investimentos reais | 2.125,98 | 836,98 | 1.767,35 | 1.313,54 | 1.421,30 | 1.273,18 | 1.060,31 | 1.063,74 | 3.205,64 | 2.422,05 | 2.244,86 | 2.194,48 |
| VII.-Transferencias de capital | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 28,00 | 1.578,04 | 23,20 | 23,20 |
| TOTAL GASTOS CAPITAL | 2.125,98 | 836,98 | 1.767,35 | 1.313,54 | 1.421,30 | 1.273,18 | 1.060,31 | 1.063,74 | 3.233,63 | 4.000,09 | 2.268,06 | 2.217,67 |
| TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS | 3.982,31 | 2.816,18 | 3.792,90 | 3.432,53 | 3.586,66 | 3.637,33 | 3.604,14 | 3.761,87 | 6.047,65 | 7.361,89 | 6.025,33 | 5.984,65 |
| VIII.-Activos financeiros | 6,01 | 6,01 | 6,01 | 6,01 | 6,01 | 6,01 | 6,01 | 12,02 | 12,02 | 12,02 | 12,02 | 12,02 |
| IX.-Pasivos financeiros | 54,09 | 91,35 | 127,41 | 153,26 | 147,25 | 171,29 | 171,29 | 166,00 | 164,00 | 18,41 | 46,81 | 161,00 |
| TOTAL GASTOS FINANCEIROS | 60,10 | 97,36 | 133,42 | 159,27 | 153,26 | 177,30 | 177,30 | 178,02 | 176,02 | 30,43 | 58,83 | 173,02 |
| TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS | 4.042,41 | 2.913,54 | 3.926,33 | 3.591,80 | 3.739,91 | 3.814,63 | 3.781,44 | 3.939,89 | 6.223,67 | 7.392,31 | 6.084,16 | 6.157,67 |

- A axenda política: os programas electorais.

As eleccións do 28 de maio de 1995 estiveron marcadas polo importante crecemento do PP. O candidato popular resaltaba as malas relacións entre o alcalde socialista e o goberno galego. E presentouse como o mellor interlocutor ante a Xunta de Galicia presidida por Manuel Fraga pola súa sintonía persoal e política¹⁴. Ao mesmo tempo Lago Vidal incorporaría no seu programa electoral un significativo número de importantes actuacións que serían financiadas co apoio de outras administracións. O PSOE descualificaría as promesas do PP. Advertíndolles aos electores que o ofrecemento dos populares tratábase exclusivamente dun medio para chegar ao poder¹⁵. O programa do PSOE salientaba a necesidade de seguir traballando na mesma liña e continuar os proxectos encetados ou anunciados noutras lexislaturas. O BNG presentaba no seu programa electoral a necesidade de crear un novo xeito de facer política dende posicións de esquerdas. Incidía na democratización da institución municipal, na participación, na transparencia e na honradez dos candidatos como os seus principais valores. Facendo unha crítica directa á xestión levada a cabo polo alcalde socialista na anterior lexislatura¹⁶.

Para os comicios do 13 de xuño de 1999 os partidos popular e socialista presentaron cadanseu programa electoral baldeiro de contido ideolóxico e centrado na enumeración de actuacións concretas a desenvolver durante a lexislatura. Facendo o PSOE un repaso dos dezaseis anos de goberno socialista nun intento de arroupar ao seu novo candidato. O PP facía fincapé na experiencia do seu candidato¹⁷, parece que facéndolle fronte ao novo partido xurdido na dereita muradán. O líder do CDI abandonara as filas do PP –xunto con un nutrido

¹⁴ “...as malas relacións entre o alcalde socialista de Muros e o goberno popular de Galicia, provocadas pola actitude prepotente do alcalde, levaron o noso concello a unha situación económica e de progreso, lamentable. A falta de colaboración por parte do goberno municipal fixo que importante obras que os populares pedimos para Muros se retrasaran ou non se pudesan facer...”. **Programa electoral PP. 1995.**

¹⁵ “...Vivimos nun tempo en que algúns non teñen reparos en encher a boca de promesas insensatas e de espallar ofrecimentos interesados con tal de chegar ao poder. Por suposto esa xente, de chegaren a gañar as eleccións non cumprirían tales promesas nin os ofrecementos pero iso a eles non lles importa...”. **Programa electoral PSOE. 1995.**

¹⁶ “...Honradez, para desterrar do goberno do Concello calquera indicio de corruptela (...) Xosé Fernández Tajés saberá poñer orden no noso concello...”. **Programa electoral BNG. 1995**

¹⁷ “...A nosa garantía é a experiencia de persoas capacitadas e comprometidas con todo aquilo que represente progreso, desenvolvendo solidariedade emellora de servizos para a nosa comunidade municipal...”. **Programa electoral PP. 1999.**

grupo de militantes- despois do enfrontamento por encabezar a lista electoral do partido popular. O BNG, aínda sabedor do acercamento entre o PSOE e o PP, mudará o seu candidato coa finalidade de solucionar os desencontros entre nacionalistas e socialistas. E coa finalidade de voltar a constituír un goberno de esquerdas xunto co PSOE propón un ambicioso programa electoral do que podería xurdir un acordo cos socialistas¹⁸.

Nas eleccións do 25 de maio do 2003 o alcalde do PSOE volta ao discurso de presentar a xestión desenvolvida na anterior lexislatura como o seu gran aval político. Intentado facer das eleccións municipais unha especie de reválida sobre os vinte anos de goberno socialista. Parece que intentando solapar o acordo co PP na anterior lexislatura tan criticado polos outros contrincantes políticos. O programa electoral socialista ao igual que en anteriores ocasións límitase a enumerar unha serie de actuacións a realizar. Deixando, deste xeito, a porta aberta para posibles acordos de goberno tanto con populares como con nacionalistas. O PP, a pesar do cambio de líder, continúa co discurso da experiencia do seu candidato e o respaldo doutros gobernos da mesma cor política como o seu principal aval ante o electorado¹⁹. Presentando tamén a súa estada no executivo municipal como o desempeño do papel protagonista á hora de conseguir a financiamento de outras administracións para os proxectos desenvolvidos durante a lexislatura. O BNG volta a mudar o seu líder, outra vez nun intento de acercarse ao PSOE. Co afán de superar as diferencias xurdidas entre os concelleiros das dúas formacións políticas e constituír de novo un executivo municipal coaligado PSOE-BNG. Os nacionalistas insisten na necesidade de darlle o protagonismo a xente para democratizar a vida municipal. Facendo unha crítica importante ao clientelismo e a prepotencia do goberno na anterior lexislatura²⁰. O CDI

¹⁸ “...Móvenos, asemade, o interese, non o particular certamente, senón o interese da grande maioría: un goberno municipal nucleado arredor do BNG só ten sentido se dedica intelixencia e horas para mellorar as cousas e acadar máis cotas de benestar para todos (...) Sei que vos presentamos un programa moi ambicioso, que seguramente non deamos acadado todos os obxectivos e que cometeremos erros...” **Programa electoral BNG 1999.**

¹⁹ “...A nosa garantía é a experiencia de persoas capacitadas e comprometidas con todo aquilo que represente progreso, así como co apoio dun gran partido: o PARTIDO POPULAR. Tamén temos o respaldo dos Gobernos de España, de Galicia e da Deputación...” **Programa Electoral PP. 2003.**

²⁰ “...Queremos que a xente sexa protagonista da vida municipal. O BNG promove a participación dos veciños e veciñas nas decisións do Goberno. Un goberno do BNG cambiará o clientelismo e a prepotencia por diálogo e participación...” **Programa electoral BNG. 2003**

converterase no auténtico protagonista destas eleccións ao conseguir gañar as eleccións con un discurso especialmente crítico cos anteriores gobernos coaligados²¹. E por ter posibilidades de acadar a alcaldía sempre que non callase un acordo entre nacionalistas e socialistas.

- Distribución de cargos e delegación de competencias:

O goberno Lago Hermida incorporou ao concelleiro do BNG, Xosé Fernández Taxes, como membro do executivo. A comisión de goberno quedaría conformada por catro concelleiros do PSOE e un concelleiro do BNG. Aínda que tamén asistiría as reunións do executivo o outro concelleiro nacionalista Pais Louro. Xa que o alcalde requiriu regularmente a súa presenza na comisión de goberno, ao abeiro do disposto no art.113.3 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais (Real Decreto 2568/1986) que lle permite ao alcalde requirir a presenza na comisión de goberno de outros membros da corporación non integrantes do executivo.

Dende esta lexislatura a comisión de goberno vai a converterse na parte central do executivos coaligados. O acordo de coalición ía incluír que o alcalde fixera a delegación dalgunhas competencias que lle son propias no seo da comisión de goberno como o cerne do executivo municipal. Entre as competencias delegadas estaba a disposición de gastos non periódicos que superen os trescentos euros, a contratación de obras, servizos e sumministracións, a aprobación de proxectos de obras, o outorgamento de licencias urbanísticas, e a declaración das situacións administrativas do persoal.

Tamén se estableceron as concellarías delegadas de medio ambiente, turismo e asuntos do mar e de cultura e deportes. Concellaría que serían ocupadas por concelleiros do BNG e do PSOE respectivamente. O réxime de retribucións nesta lexislatura será de dedicación parcial para os dous concelleiros con delegación. E o alcalde seguirá con un réxime de dedicación exclusiva. Este executivo terá unha duración de once meses polo falecemento do alcalde nun accidente de circulación.

²¹ “...Precédennos sete anos de goberno, primeiro cun pacto PSOE-BNG e logo PSOE-PP, nos que sufrimos un tremendo retroceso a tódolos niveis, especialmente nestes últimos catro anos. O que ía a ser unha panacea para Muros, un desenrolo sen límites anunciado a bombo e platillo por PSOE e PP converteuse na maior das mentiras e no maior dos fiascos. Enganaron ó pobo...”.
Programa electoral CDI. 2003.

O goberno *Formoso Vidal (1)* xurdido en 1996 nas especiais circunstancias derivadas da morte de Lago Hermida presentará as características similares as do seu predecesor. Coa incorporación dun novo concelleiro socialista a comisión de goberno e a elevación á alcaldía do número dous da lista coa que os socialistas concorriran as eleccións do ano anterior. Este executivo non chegará a rematar a lexislatura pola separación do goberno en 1998 do concelleiro do BNG despois de trinta e un meses de coalición entre socialistas e nacionalistas.

As eleccións de 1999 contaron coa presenza de catro candidaturas que arrojarían unha nova correlación de forzas pola presenza de catro partidos políticos na corporación muradán. O goberno *Formoso Vidal (2)* xurdirá da coalición entre o PSOE e o PP. A comisión de goberno seguirá a ser a parte central do executivo na que se tomarán a maioría das grandes decisións da lexislatura. O alcalde nesta lexislatura cederá un maior número de competencias propias delegadas na comisión de goberno. Como por exemplo a aprobación da oferta de emprego e a bases para as probas de selección de persoal, contratar obras e servizos que lle corresponden ao alcalde e teñen un orzamento superior a 3000 €, outorgar licencias e resolver sobre procedementos urbanísticos, etc...

Este executivo incorporará dous concelleiros populares na comisión de goberno. Ao tempo que nomeará tres concelleiros delegados con facultade para dirixir e xestionar os servizos correspondentes. Serán para o PP as concellarías de medio ambiente, turismo e asuntos do mar e cultura e deportes. E para o PSOE a concellería de Urbanismo e Obras. En canto ao réxime retributivo, os concelleiros delegados recibirán unha dedicación parcial mentres que o alcalde seguirá en réxime de dedicación total. Este goberno vai a ser o único de todos os estudados no período que logre esgotar a totalidade da lexislatura 1999-2003.

O goberno *Formoso Vidal (3)* xurdirá en 2003 logo da perda de apoio electoral por parte dos dous partidos integrantes do anterior executivo. O PSOE e o PP mostraran previamente a súa predisposición ao acordo pero a aritmética electoral impediría a posibilidade de poder reeditalo. O pacto de goberno entre PSOE e BNG nacerá coa vontade de crear un goberno progresista en Muros e requirirá unha declaración formal na que os socialistas facían unha revisión das decisións políticas adoptadas no mandato anterior. Desta volta, por primeira vez vai a

asinarse un documento que se fará público coa adopción medidas concretas de xeito inmediato. E no que os obxectivos do novo executivo serán a creación dun concello máis igualitario, unha política municipal máis democrática, o protagonismo do desenrolo económico, a mellora dos servizos públicos e o desenvolvemento urbanístico.

A comisión de goberno adquire un papel aínda máis relevante como cerne do executivo polo compromiso da adopción de decisións consensuadas entre as dúas forzas. Este feito cobra maior importancia pola composición da propia comisión de goberno que pasa a ser de tres concelleiros do BNG e dous do PSOE. De xeito que ningunha das forzas políticas integrantes do executivo terá maioría na comisión de goberno. Amais das competencias propias que o alcalde xa delegara na anterior lexislatura, desta volta tamén se deberá someter a deliberación da comisión de goberno os asuntos que configuren a orde do día das sesións plenarias da corporación. O número de concellarías delegadas será de catro para cada partido integrante do executivo. Aínda que será a comisión de goberno a que programe e fixe os plans das diversas áreas municipais de actuación. En canto ao réxime retributivo, aumentarán as dedicacións parciais que serán de dúas para o PSOE e unha para o BNG. O alcalde seguirá con dedicación exclusiva, á que deste volta tamén se sumará o primeiro tenente de alcalde nacionalista. Este executivo deberá ser reestructurado aos trece meses de existencia polo falecemento do alcalde no 2004 do que xurdirá un novo goberno coaligado. O executivo *González Cerviño* presenta as mesmas características que o seu predecesor. Aínda que tamén deberá reestructurarse pola captación do primeiro tenente de alcalde para o goberno galego xurdido das eleccións autonómicas do 2005 no que se conformaría o executivo bipartito entre o PSOE e o BNG.

A duración do goberno González Cerviño será de catorce meses. Rematando coa destitución no 2006 do primeiro tenente de alcalde e a asunción por parte da alcaldía das competencias que tiña delegadas.

| Gobernos | Comisión de Gobierno | Concelleiros delegados | Cargos con Retribución | Competencias delegadas no goberno de coalición |
|---------------------|-----------------------------|-------------------------------|-------------------------------|---|
| Lago Hermida | PSOE (83.3%) | PSOE (1) BNG (1) | PSOE (Alcalde+1) | 1) Disposición de gastos e aprobación de pagamentos que superen os 300 € e non teñan o carácter de periódicos e |

| | | | | |
|--------------------------|-----------------------------------|---------------------|--------------------------------|--|
| | BNG (16.7%) | | BNG (1) | obligatorios e urxentes. 2) Contratación de obras, servicios e suministros que sexan competencia da Alcaldía. |
| Formoso Vidal (1) | PSOE (83.3%) BNG (16.7%) | PSOE (1) BNG (1) | PSOE (Alcalde+1) BNG (1) | 3) Aprobación de proxectos de obras, cando a contratación da súa execución tamén corresponda á Comisión de Goberno con arrego ó apartado anterior. 4) Outorgamento de licencias urbanísticas. 5) Declaración de situacións administrativas do persoal e a súa jubilación |
| Formoso Vidal (2) | PSOE (66.6%) PP (33.3%) | PSOE (1) PP (2) | PSOE (Alcalde+1) PP (2) | 1) Dispoñer gastos e aprobar pagamentos que superen os 900 € e que non teñen o carácter de periódicos e obrigatorios ou urxentes. 2) Aprobar a oferta de emprego público con suxeición ó orzamento e ó cadro de persoal aprobados polo Pleno da Corporación. 3) Aprobar as bases das probas de selección do persoal e os concursos para a provisión dos postos de traballo. 4) Nomear e sancionar ó persoal fixo ó servizo da Corporación, coas limitacións que prevé o artigo 21.1.h) e 3 da LBRL. 5) Aproba-los instrumentos de planeamento que desenvolvan o plan xeral, os instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización. 6) Contratar obras, servicios, concesións e subministracións que lle corresponden ó alcalde e que teñen un orzamento de execución superior 3000 €. 7) Aprobar os proxectos de obras e servicios que lle corresponden ó alcalde e que teñen un orzamento de execución superior a 3000 €. 8) Adquirir e allear bens e dereitos que lle corresponden ó alcalde e que teñen un valor superior a 3000 €. 9) Outorgar licencias urbanísticas de obras maiores. 10) Declarar a ruina de inmobles e dictar ordes de execución de obras. 11) Resolver toda clase de procedementos sancionadores que se tramiten por infraccións graves ou moi graves das ordenanzas e regulamentos municipais e en materia de disciplina urbanística. 12) Resolver sobre a demolición de obras nos procedementos de reposición da legalidade urbanística. |
| Formoso Vidal (3) | PSOE (50.0%) BNG (50.0%) | PSOE (4) BNG (4) | PSOE (Alcalde+2) BNG (2) | 1) Dispor os gastos e aprobar os pagamentos que superen a contía de 900,00 euros e que non teñen o carácter de periódicos e obrigatorios ou urxentes. Destes últimos cumprirá informar á comisión na seguinte sesión. |
| González Cerviño | PSOE (50.0%) BNG (50.0%) | PSOE (4) BNG (4) | PSOE (Alcalde+2) BNG (2) | 2) Aprobar a oferta de emprego público con suxeición ó orzamento e ó cadro de persoal aprobados polo Pleno da Corporación, as bases das probas de selección do persoal funcionarios e laboral, das bases para a provisión de postos de traballo e a distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas. 3) O nomeamento do persoal funcionario e laboral e o exercicio das potestades organizatoria e disciplinaria en materia de persoal, coas limitacións que prevé a Lei |

7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en diante, LBRL).

4) Aprobar os proxectos de obras e servizos que lle competan ó alcalde e que teñan un orzamento de execución superior a 3.000,00 euros.

5) A contratación de obras, servizos, concesións e subministracións que lle competen ó alcalde e que teñan un orzamento superior a 3.000,00 euros.

6) A adquisición e o alleamento de bens e dereitos que lle corresponden ó alcalde e que teñan un valor superior a 3.000,00 euros.

7) Aprobar os criterios e normas sobre a xestión dos servizos públicos, cando non lle correspondan ó Pleno.

8) Probar os instrumentos de planeamento que desenvolvan o plan xeral, os instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización.

9) Outorgar as licencias urbanísticas de obras maiores e de actividades clasificadas.

10) A declaración de ruína dos inmobles, as ordes de execución de obras e as decisións sobre reposición da legalidade e sancionadoras en materia de disciplina urbanística, non sendo en casos de urxencia.

11) A resolución de toda clase de procedementos sancionadores que se tramiten por infraccións graves ou moi graves das ordenanzas municipais e, en xeral, do resto do ordenamento xurídico.

12) Os plans xerais de actuación das diversas áreas municipais e a programación temporal da súa execución, sen prexuízo das competencias que lle correspondan ó Pleno da Corporación.

- A produción lexislativa.

| Gobernos | Datas | Ord. | Regul. | Conv. | Conce. | Organ. |
|--------------------------|-------------|------|--------|-------|--------|--------|
| Lago Hermida | 06/95-05/96 | - | 2 | 3 | 2 | - |
| Formoso Vidal (1) | 05/96-11/98 | 5 | 8 | 9 | 4 | 3 |
| Formoso Vidal (2) | 07/99-05/03 | 3 | 3 | 14 | 9 | 2 |
| Formoso Vidal (3) | 06/03-06/04 | 2 | 2 | 4 | - | 1 |
| González Cerviño | 06/04-07/06 | 2 | 1 | 4 | 2 | 1 |

En canto a produción lexislativa o goberno *Formoso Vidal (1)*, primeiro de coalición entre o PSOE e o BNG vai a ser o que maior número de ordenanzas e regulamentos aprobe. Se cadra buscando reflexar un novo xeito de facer política que axudase a esquecer as anteriores etapas de gobernos con maioría absoluta. O executivo *Formoso Vidal (2)* foi o que maior número de concesións e convenios foi quen de asinar. Parece que intentando demostrar que o seu mellor aval de supervivencia era a eficacia na xestión municipal. Así como facer valer as maiores

posibilidades de entendemento con outras administracións pola cor política dun dos partidos coaligados no executivo municipal.

En calquera caso, dende unha perspectiva cuantitativa parece que a labor reguladora durante o período estudado foi bastante intensa. Rexistrándose mesmo a incorporación do concello a varios organismos de ámbito supramunicipal.

| Gobernos | Ordenanzas | Regulamentos | Concesións |
|--------------------------|--|---|--|
| Lago Hermida | | REGULAMENTO DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL. REGULAMENTO DE FICHEIROS AUTOMATIZADOS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL. | CONCURSO PARA A XESTIÓN DO SERVICIO DE SUMINISTRACION DE AUGA CORRENTE. CONCESIÓN PARA A REDE RADIOELÉCTRICA DA POLICÍA LOCAL. |
| Formoso Vidal (1) | ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DO SERVICIO DE SUMINISTRACIÓN DE AUGA CORRENTE. ORDENANZA DE RESERVAS DE ACCESOS E APARCAMENTOS. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO. ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO ICIO. | REGULAMENTO DE PROTECCIÓN DE ZONAS VERDES E ESPACIOS NATURAIS. REGULAMENTO DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO CIDADÁN. REGULAMENTO DOS PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS MUNICIPAIS. REGULAMENTO DA BIBLIOTECA MUNICIPAL. REGULAMENTO DE ANIMAIS DOMÉSTICOS. REGULAMENTO DE HONRAS E GALARDÓNS. REGULAMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DA ATALAIA. REGULAMENTO DO SERVICIO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR. | CONCESIÓN DE TERREOS PARA O PARQUE EÓLICO E ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS. ADQUISICIÓN DO DEREITO DE USO DO CEMITERIO. CESIÓN DE INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE ESTEIRO. CONCESIÓN DA CAFETERÍA DA PRAIA DE SAN FRANCISCO. SUBSTITUCIÓN, PRÓRROGA E AMPLIACIÓN DO CONTRATO DE RECOLLIDA DE LIXO. |
| Formoso Vidal (2) | ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA INMOBILIZACIÓN E RETIRADA DE AUTOMÓBILES. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA RECOLLIDA DE LIXO. ORDENANZA MUNICIPAL DE AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE VIVENDAS E EDIFICIOS NO CONXUNTO HISTÓRICO DE MUROS. | REGULAMENTO MUNICIPAL DE TRÁFICO. REGULAMENTO DE PROTECCIÓN CIVIL. REGULAMENTO MUNICIPAL DO USO DO GALEGO. | CONCESIÓN DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CÁMPING DA VOUGA CONCESIÓN DE TERREO PARA A INSTALACIÓN DE ANTENA DE TELEFONÍA MÓBIL EN MIRAFLORES CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE OCUPACIÓN DE TERREOS NO MONTE CASTELO (ESTEIRO) PARA O PARQUE EÓLICO "PEDREGAL-TREMUZO". CONCESIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO A "RETEVISIÓN MÓBIL S. A." PARA INSTALAR UNHA ANTENA DE TELEFONÍA MÓBIL NO ALTO DA PALLAGUEIRA-LOURO CONCESIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO A "AIRTEL MÓBIL S. A." PARA INSTALAR UNHA ANTENA DE TELEFONÍA MÓBIL EN MIRAFLORES. CESIÓN DE USO DA CASA DA PONTE-2 Ó SERGAS. CESIÓN Ó SERVICIO GALEGO DE SAÚDE DE TERREO EN SOBORRIBAS-SERRES PARA CONSTRUIR O NOVO CENTRO DE SAÚDE DE MUROS. CONCURSO PARA INSTALAR UN TANATORIO/VELATORIO NOS LOCAIS DO CEMITERIO DA ATALAIA |
| Formoso Vidal (3) | MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS DE REHABILITACIÓN. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO SERVICIO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DO LIXO. | REGULAMENTO MUNICIPAL DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL | |
| González Cerviño | ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES E DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS. | REGULAMENTO MUNICIPAL DO REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO DO CONCELLO DE MUROS. | CONCURSO PARA ADXUDICAR O CONTRATO DE XESTIÓN DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL. |

| Gobernos | Convenios | Aprobación de grandes Obras |
|--------------------------|--|--|
| Lago Hermida | <p>CONVENIO COA DIRECCION XERAL DE COSTAS PARA A EXECUCION DAS OBRAS DO PASEO MARITIMO DE MUROS.</p> <p>CONVENIO SOBRE TRABALLOS DE TOPONIMIA.</p> <p>CONVENIO DE COLABORACIÓN DE "DISTRIBUCIÓNS VILASSAR S.A." TOCANTE Á MONTAXE DE FÁBRICA EN AGROVELLO-AS LOMBAS DO PEDREIRO, SERRES.</p> | <p>APROBACION DO PROXECTO DE DEPURACION DE AUGAS EN SERRES</p> |
| Formoso Vidal (1) | <p>ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNNS DE TRABALLO DO PERSOAL Ó SERVICIO DO CONCELLO.</p> <p>CONVENIO COA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO SOBRE REXISTROS.</p> <p>CONVENIO DE CESIÓN DE USO DE EDIFICIO NORTE DA ROBALEIRA CO GRUPO DE MINUSVÁLIDOS DA BISBARRA DE MUROS.</p> <p>ADHESIÓN CONVENIO FEMP-MINISTERIO DO INTERIOR VERBO DO CUMPRIMENTO DAS PENAS DE TRABALLO EN BENEFICIO DA COMUNIDADE.</p> <p>CONVENIO COA CONSELLERÍA DE FAMILIA PARA A EXECUCIÓN DE MEDIDAS XUDICIAIS A MENORES.</p> <p>CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE SERVICIOS INFORMÁTICOS E TELECOMUNICACIÓNS.</p> <p>CONVENIO SOBRE ADQUISICIÓN DE TERREOS E ORDENACIÓN URBANÍSTICA EN CABANAS-TAL</p> <p>ACEPTACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIA DA XERENCIA TERRITORIAL DO CATASTRO.</p> <p>CONVENIO PARA A COMPENSACIÓN DOS DONOS DOS TERREOS PRIVADOS DA ATALAIA</p> <p>CONVENIO COA DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO SOBRE COLABORACIÓN NA XESTIÓN CATASTRAL.</p> <p>AUTORIZACIÓN DE PERMUTA DO MONTE SIEIRAS</p> <p>CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE PARA A CONTENERIZACIÓN SUBTERRÁNEA.</p> | <p>PROXECTO DE CEMITEIRO DA ATALAIA, DO PREGO DE CONDICIÓNNS E DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN.</p> |
| Formoso Vidal (2) | <p>CONVENIO FEGAMP-UNIÓN FENOSA</p> <p>CONVENIO MARCO ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO-XUNTA DE GALICIA SOBRE REXISTROS.</p> <p>CONVENIO URBANÍSTICO SOBRE TERREOS EN FONTECOMIDO-LOURO.</p> <p>BASES DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS TRIBUTARIOS E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.</p> <p>PROTOCOLO ENTRE O CONCELLO DE MUROS E O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO PARA A CREACIÓN DUN PARQUE EMPRESARIAL</p> <p>CONVENIO CON EUROVENTO S.L. SOBRE CONSTITUCIÓN DE SOCIEDADE MIXTA PARA A XERACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA.</p> <p>CONVENIO COA DIRECCIÓN XERAL DA GARDA CIVIL SOBRE CONSTRUCCIÓN DO CUARTEL DA GARDA CIVIL DE MUROS</p> <p>CONVENIO COA COMUNIDADE TITULAR DO MONTE VECIÑAL DE MAN COMÚN DE LOURO SOBRE CESIÓN DE TERREOS EN SASEIRAS-LOURO</p> <p>AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.</p> <p>CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE DA XUNTA DE GALICIA E OS CONCELLOS DE CARNOTA E MUROS PARA A RECUPERACIÓN DO VERTEDOIRO DE LIXO.</p> <p>CONVENIO COA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE SOBRE VERTEDOIRO DE LIXOS PROCEDENTES DA CONSTRUCCIÓN.</p> | <p>APROBACIÓN DO PROXECTO DE INSTALACIÓNS DE CLUB DE REMO DE ESTEIRO</p> <p>APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DO CAMPO DE FÚTBOL DE LOURO.</p> <p>APROBACIÓN DO PROXECTO ABASTECIMENTO DE AUGA A TAL E ESTEIRO E SOLICITUDE A AUGAS DE GALICIA DO FINANCIAMENTO DA OBRA.</p> <p>APROBACIÓN INICIAL DA MEMORIA TÉCNICA DA ACTIVIDADE DO PARQUE EÓLICO "VENTO MAREIRO" E A SÚA TRAMITACIÓN POR URXENCIA.</p> <p>APROBACIÓN DO PROXECTO DE PISCINA MUNICIPAL E ADHESIÓN Ó CONVENIO DE COOPERACIÓN XUNTA DE GALICIA-DEPUTACIÓN PROVINCIAL 2002-2006 SOBRE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.</p> |
| Formoso Vidal (3) | <p>CONVENIO CON "SOLO EMPRESARIAL DO ATLÁNTICO, S. L." SOBRE ACTUACIÓNS PREPARATORIAS DO PARQUE EMPRESARIAL DE MUROS.</p> <p>CONVENIO DE COLABORACIÓN DA AXENCIA TRIBUTARIA COA FEMP SOBRE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO</p> <p>CONVENIO DE COLABORACIÓN CO IGVS SOBRE ACTUACIÓNS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO NÚCLEO HISTÓRICO DE MUROS. 3ª FASE.</p> <p>APROBACIÓN DO CONVENIO COA CONSELLERÍA DE CULTURA, COM. SOCIAL E TURISMO SOBRE "INTERNET NAS BIBLIOTECAS".</p> <p>CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE O REXISTRO DE ENTRADA.</p> | <p>APROBACIÓN DO PROXECTO DAS INSTALACIÓNS DO CLUB DE REMO DE ESTEIRO E SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN A PORTOS DE GALICIA.</p> <p>.ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.</p> <p>PROXECTO DE REHABILITACIÓN DE SORRIBOS-ABELLEIRA.</p> |
| González Cerviño | <p>CONVENIO DE CESIÓN DE USO DA EDIFICACIÓN DA ANTIGA ESCOLA UNITARIA DE RIOMAIOR.</p> <p>CONVENIO CO IGVS E "SEA, S. L." SOBRE A CONSTRUCCIÓN E XESTIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE MUROS.</p> <p>CONVENIO COA ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA.</p> <p>CONVENIO COA IGREXA CATÓLICA SOBRE CESIÓN DE USO DA CASA REITORAL DE SAN XIAN DE TOREA.</p> <p>CONVENIO URBANÍSTICO SOBRE TERREOS NA RÚA DO CABO E CESIÓN DE PARCELA DOTACIONAL A PROL DO CONCELLO.</p> | <p>PROXECTO BÁSICO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA.</p> <p>PROXECTO DE CUBERTA DAS BANCADAS DO NOVO CAMPO DE FÚTBOL DE LOURO</p> <p>PROXECTO DE REHABILITACIÓN DA FÁBRICA DA PORTELIÑA E SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE TERREOS Ó MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE</p> <p>APROBACIÓN DO PROXECTO DA OBRA DA ÁREA DE REHABILITACIÓN, 2ª FASE "PRAZA DO VIÑAL E RÚA DO CARME".</p> |

| Gobernos | Participación en organizacións de ámbito supramunicipal |
|---|--|
| Lago Hermida Fornoso Vidal (1) | CONSTITUCIÓN E DOS ESTATUTOS DA "MANCOMUNIDADE DE AUGA DOS CONCELLOS DE CARNOTA E MUROS" APROBACIÓN DA CONSTITUCIÓN DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS "SERRA DO BARBANZA" E DOS SEUS ESTATUTOS. |
| Fornoso Vidal (2) | CONSTITUCIÓN DA FUNDACIÓN COMARCAL DE MUROS. ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE XALLAS-TINES-TAMBRE E DOS SEUS ESTATUTOS. CONSTITUCIÓN DA FUNDACIÓN COMARCAL DE MUROS. INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE MUROS NA "ASOCIACIÓN RURAL DE DESENVOLVEMENTO DA RÍA MUROS-NOIA". |
| Fornoso Vidal (3) González Cerviño | REVOGACIÓN DO ACORDO DE SEPARACIÓN DA MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA |

6. Conclusión.

As coalicións de goberno local xurdidas no concello de Muros durante o período 1995-2007 fructificaron principalmente pola vontade de acordo e pola predisposición das elites políticas a entrar a formar parte do executivo a pesar e solucionando todos avatares experimentados en outras lexislaturas. As coalicións tamén resultarían moi favorecidas polos diferentes intereses dos partidos políticos integrantes dos gobernos locais. Partimos da idea ao inicio do traballo que os pactos e estas coalicións políticas, tan dispares e mesmo pintorescas por algunhas circunstancias como a heteroxeneidade ideolóxica ou a fasquía dun certo «indulto» logo de lexislaturas controvertidas, fructificaron pola predisposición favorable dos principais actores políticos. Aínda que os intereses dos partidos son distintos en cada grupo político. Todos teñen en común a predisposición inicial dos candidatos a integrar o executivo municipal coaligado por enriba de calquera outra consideración. Favorecendo o acercamento mesmo xa antes dos comicios dende a elaboración dos programas electorais ou incluso na propia formación das candidaturas.

O PSOE pretenderá fundamentalmente conservar unha alcaldía que ostenta dende 1983. Unha vez que en 1995 foi superado electoralmente polo Partido Popular e perdida a cómoda maioría absoluta coa que gobernou varias lexislaturas, os socialistas estarán obrigados a conformar unha coalición de goberno co BNG para conservar a alcaldía de Muros. Dende aquela os resultados electorais obrigarán ao PSOE a ter que compartir o goberno municipal para manter a alcaldía nas bancadas do partido socialista.

O BNG a pesar das negativas experiencias que supuxeron a súa expulsión por dúas veces do executivo municipal fixo sempre unha análise de que a mellor maneira de consolidarse electoralmente e de conseguir políticas progresistas no municipio pasaba pola súa presenza no goberno. Ao tempo que os nacionalistas sempre se mostraron dispostos a colaborar para pecharlle o acceso ao goberno municipal ás forzas políticas de dereitas, nomeadamente ao Partido Popular pero tamén ao CDI. Os nacionalistas parece que intentando resolver as diferencias persoais que puideran xurdir no seo das anteriores lexislaturas será a única formación que mude de cabezaleiro nas tres convocatorias electorais estudadas.

Facendo unha lectura en clave ideolóxica os nacionalistas anunciaron reiteradamente a súa predisposición a formar gobernos de coalición cos socialistas por enriba dos desencontros experimentados anteriormente, ou do posible impacto político que tería a sensación de estar «indultando» os devaneos do PSOE.

Pola súa banda o PP, fendido en dúas partes practicamente iguais logo do abandono de moitos militantes e de significados persoeiros para fundar o Centro Democrático Independiente (CDI), interpretará a súa estada no goberno como a mellor maneira para remontar a importante crise que experimentou durante este período. Os populares xustificarán a súa opción de coaligarse cos socialistas na necesidade de mellorar a xestión dos servizos públicos municipais e con un discurso baldeiro de contido ideolóxico na política local do concello de Muros.

Ao longo do período estudado as tres formacións políticas, por diferentes motivos pero fundamentalmente pola predisposición dos seus líderes, mostráronse dispostas a integrar as coalicións de goberno local que se constituíron e que lle permitiron ao PSOE conservar a alcaldía de Muros.

ANEXO DOCUMENTAL

Resolución do vinteseite de xuño de 1995

"De conformidade co que dispoñen os arts. 21 e 23 da Lei de bases de réxime local e 43 e seguintes do ROF, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear como membros da Comisión de Goberno deste Concello ós seguintes concelleiros: D. Xosé Fernández Taxes, D. Manuel-Santiago Monteagudo Romaní, Dna. María-Dolores Barreiros Lestón, D. Belarmino Maneiro Rei e D. Xoán-Ramón Riomaíor Priegue.

A Comisión de Goberno reunirse en sesión ordinaria con periodicidade quincenal -non sendo no mes de agosto-, os xoves; se ese día cadra en santo, a sesión transládase á véspera.

SEGUNDO.- Nomear tenentes de alcalde do Concello de Muros ós seguintes concelleiros pola orde que se sinala:

Primeiro tenente de alcalde: D. Xosé Fernández Taxes.

Segundo tenente de alcalde: D. Manuel-Santiago Monteagudo Romaní.

Terceiro tenente de alcalde: Dna. María-Dolores Barreiros Lestón.

Cuarto tenente de alcalde: D. Belarmino Maneiro Rei.

Quinto tenente de alcalde: D. Xoán-Ramón Riomaíor Priegue.

TERCEIRO.- Nomear os seguintes concelleiros-delegados da Alcaldía con facultades para dirixir e xestionar los servicios correspondentes:

D. Xosé Fernández Taxes, concelleiro-delegado de medio ambiente, turismo e asuntos do mar.

D. Manuel Monteagudo Romaní, concelleiro-delegado de Cultura e Deportes.

CUARTO.- Delegar na Comisión de Goberno o exercicio das seguintes competencias da Alcaldía:

1) Disposición de gastos e aprobación de pagamentos que superen as 50.000 pta e non teñan o carácter de periódicos e obrigatorios e urxentes.

2) Contratación de obras, servicios e sumministracións que sexan competencia da Alcaldía.

3) Aprobación de proxectos de obras, cando a contratación da súa execución tamén corresponda á Comisión de Goberno con arreglo ó apartado anterior.

4) Outorgamento de licencias urbanísticas.

5) Declaración de situacións administrativas do persoal e a súa xubilación."

Resolución do 18 de novembro de 1998

En cumprimento do que dispoñen os artigos 44, 46 e 52 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, o Concello de Muros anuncia que a Alcaldía dictou unha resolución o día 18 de novembro de 1998, que é como segue:

"En exercicio das competencias que lle atribúen á Alcaldía os artigos 21.3 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e 43, 46 e 52 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, resolvo:

Cesar ó concelleiro D. Xosé Fernández Taxes na súa condición de membro da comisión de goberno e de primeiro tenente de alcalde e revogarlle a delegación da Alcaldía en materia de medio ambiente, turismo e asuntos do mar."

Muros, 24 de novembro de 1998.

O alcalde, Celestino Formoso Vidal.

Resolución

En cumprimento do que dispoñen os artigos 44, 46 e 52 do ROF, o Concello de Muros anuncia que esta Alcaldía dictou, con data 8 de xullo de 1999, a seguinte resolución verbo de nomeamento de membros da Comisión de Goberno, tenentes de alcalde, concelleiros-delegados e delegación de competencias da Alcaldía na Comisión de Goberno:

"De conformidade co que dispoñen os artigos 21.2 e 3 e 23.1, 3 e 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, 61.2, 62 e 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 43 e seguintes do Regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais,

Resolvo:

Primeiro.-Nomear como membros da Comisión de Goberno ós seguintes concelleiros: don Xosé-Antonio Lago Vidal, don Belarmino Maneiro Rei, don Xosé Ánxel Martínez Martínez, Dona María Dolores Barreiros Lestón e don Xosé Atilano López Díaz.

Segundo.-Nomear tenentes de alcalde ós seguintes concelleiros pola orde que se sinala:

Primeiro: Don Xosé Antonio Lago Vidal.

Segundo: don Belarmino Maneiro Rei.

Terceiro: Don Xosé-Anxel Martínez Martínez.

Cuarto: Dona María Dolores Barreiros Lestón.

Quinto: Don Xosé Atilano López Díaz.

Terceiro.-Nomear concelleiros-delegados da Alcaldía con facultades para dirixir e xestiona-los servicios correspondentes ós seguintes concelleiros:

Don Xosé Antonio Lago Vidal, concelleiro-delegado de medio ambiente, turismo e asuntos do mar.

Don Belarmino Maneiro Rei, concelleiro-delegado de obras.

E don Xosé Atilano López Díaz, concelleiro-delegado de cultura e deportes.

Extende a súa competencia ós servicios de educación e xuventude.

Cuarto.-Delegar na Comisión de Goberno o exercicio das seguintes competencias da Alcaldía:

- 1) *Dispoñer gastos e aprobar pagamentos que superen as 150.000 ptas. e que non teñen o carácter de periódicos e obrigatorios ou urxentes.*
- 2) *Aprobar a oferta de emprego público con suxeición ó orzamento e ó cadro de persoal aprobados polo Pleno da Corporación.*
- 3) *Aprobar as bases das probas de selección do persoal e os concursos para a provisión dos postos de traballo.*
- 4) *Nomear e sancionar ó persoal fixo ó servizo da Corporación, coas limitacións que prevé o artigo 21.1.h) e 3 da LBRL.*
- 5) *Aproba-los instrumentos de planeamento que desenvolvan o plan xeral, os instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización.*
- 6) *Contratar obras, servizos, concesións e subministracións que lle corresponden ó alcalde e que teñen un orzamento de execución superior a 500.000 ptas.*
- 7) *Aprobar os proxectos de obras e servizos que lle corresponden ó alcalde e que teñen un orzamento de execución superior a 500.000 ptas.*
- 8) *Adquirir e allear bens e dereitos que lle corresponden ó alcalde e que teñen un valor superior a 500.000 ptas.*
- 9) *Outorgar licencias urbanísticas de obras maiores.*
- 10) *Declarar a ruina de inmobles e dictar ordes de execución de obras.*
- 11) *Resolver toda clase de procedementos sancionadores que se tramiten por infraccións graves ou moi graves das ordenanzas e regulamentos municipais e en materia de disciplina urbanística.*
- 12) *Resolver sobre a demolición de obras nos procedementos de reposición da legalidade urbanística."*

Muros, 9 de xullo de 1999.

O alcalde, Celestino Formoso Vidal.

PACTO DE GOBERNO PSdeG-PSOE / BNG

Os representantes das candidaturas do PSdeG-PSOE e do BNG de Muros, despois dun intenso proceso negociador iniciado a raíz das eleccións do pasado 25 de maio do 2003, pactan a formación dun goberno de coalición entre as dúas forzas políticas, que dirixirá o Concello de Muros no mandato que agora se inicia.

O pacto baséase en dúas premisas. A primeira é respectar a vontade maioritaria do electorado do municipio, que o pasado día 25 de maio se expresou de xeito claro pola formación dun goberno progresista e estable constituído polas nosas dúas formacións, que teña en conta o peso específico obtido por cada unha delas na consulta electoral.

Neste sentido o PSdeG-PSOE toma boa nota do resultado das eleccións e entende que a valoración dos cidadáns debe levar a unha revisión de decisións políticas adoptadas no mandato anterior e a afrontar con ilusión e ánimo renovados a nova etapa política.

Pola súa parte, o BNG fai unha lectura positiva do resultado electoral no sentido de que a maioría dos veciños se pronunciaron por un goberno comprometido co futuro do Concello e do país e por iso asume o mandato da cidadanía de coprotagonizar o goberno municipal.

En segundo lugar, o pacto confórmase en base ás ideas compartidas dos programas electorais do PSdeG-PSOE e do BNG que en resumo se dirixen á consecución dos seguintes obxectivos:

- un concello máis igualitario, na que os servizos públicos serán accesibles a tódolos veciños sen distincións pola súa condición económica ou emprazamento no territorio, e que melloren progresivamente de cualidade.

- unha política municipal máis democrática, na que se institúen canles novas e permanentes de información e participación cidadá.

- o protagonismo na creación das infraestructuras e condicións para o desenvolvemento económico, comercial e turístico do municipio.

- a potenciación e diversificación dos equipamentos e actividades en materia de cultura, educación, deportes e lecer.

- a ampliación e mellora dos servizos sociais dirixidos ós sectores da poboación máis necesitados.

- e, finalmente, unha atención preferente á desenvolvemento urbanístico, ás necesidades de vivenda e á protección do medio ambiente e do patrimonio histórico.

En concreto, o pacto de goberno contempla como medidas inmediatas e a curto prazo:

- a reincorporación do Concello de Muros á Mancomunidade Serra do Barbanza e ó plan de tratamento de lixo financiado pola Unión Europea a través do programa Pomal xunto cos concellos de Porto do Son, Noia, Lousame, Brión e os que no futuro se integren.

- a aprobación dun Regulamento de Participación Veciñal que establecerá as canles de información e participación cidadá máis arriba anunciadas e será un instrumento fundamental para garantir unha maior transparencia na actividade municipal.

- a constitución como órganos consultivos dun Consello de Desenvolvemento Económico, como foro de suxestións e deliberación das medidas en materia de promoción económica, comercial e turística; e do Consello Escolar Municipal, coa mesma finalidade referida neste caso á política educativa.

- o establecemento da periodicidade mensual para as sesións ordinarias do Pleno da Corporación, excepto na época estival.

A partir das premisas expostas, as dúas forzas políticas pactan a conformación do goberno municipal de conformidade cos seguintes criterios:

1) A Comisión de Goberno

A actividade do goberno municipal céntrase neste órgano, en coherencia coa idea de que as decisións e a xestión dos servizos e as áreas municipais se decidirán colexiadamente e a través do consenso entre as dúas forzas.

A composición da Comisión de Goberno será de tres membros do PSdeG-PSOE (incluído o alcalde) e tres membros do BNG.

Será candidato á Alcaldía o cabeza da candidatura do PSdeG-PSOE, D. Celestino Formoso Vidal, como lista máis votada das coaligadas.

O primeiro tenente de alcalde será o cabeza de lista do BNG, D. Xoán-Manuel Bazarra Agulla. Os sucesivos tenentes de alcalde serán os restantes membros da Comisión de Goberno: o segundo e o cuarto, entre os concelleiros do PSdeG-PSOE, e o terceiro e o quinto, entre os concelleiros do BNG.

A Alcaldía delegará na Comisión de Goberno o exercicio das competencias que autoriza a Lei reguladora das bases de réxime local e, en particular, as seguintes:

- a aprobación e pagos que superen a contía de 900,00 € e non teñan o carácter de periódicos e obrigatorios ou urxentes. Destes últimos cumprirá informar á Comisión na primeira sesión que celebre.

- a aprobación da oferta de emprego público con suxeición ó orzamento e ó cadro de persoal aprobados pola Corporación, das bases das probas de selección de persoal funcionario e laboral, das bases de provisión de postos de traballo, e a distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.
- o nomeamento de persoal funcionario e laboral e o exercicio das potestades organizatoria e disciplinaria en materia de persoal coas limitacións que prevé a Lei reguladora das bases de réxime local.
- a aprobación de proxectos de obras e servicios, que lle competan ó alcalde e que teñan un orzamento de execución superior a 3.000 €.
- a contratación de obras, servicios, concesións e subministracións que lle competan ó alcalde e que teñan un orzamento de execución superior a 3.000 €.
- os criterios e normas sobre a xestión dos servicios públicos, cando non lle correspondan ó Pleno.
- a xestión do patrimonio municipal incluído o alleamento e a adquisición de bens e dereitos que lle competan ó alcalde e que teñan un valor superior a 3.000 €.
- a aprobación dos instrumentos de planeamento que desenvolvan o plan xeral, dos instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización.
- o outorgamento das licencias urbanísticas de obras maiores e de actividades clasificadas.
- a declaración de ruína dos inmobles, as ordes de execucións de obras e as decisións sobre reposición da legalidade e sancionadoras en materia de disciplina urbanística.
- a resolución e toda clase de procedementos sancionadores que se tramiten por infraccións graves ou moi graves das ordenanzas municipais e, en xeral do resto do ordenamento xurídico.

O alcalde tamén someterá á deliberación e aprobación da Comisión de Goberno os asuntos que se deban incorporar á orde do día das sesións plenarias e dos outros órganos colexiados da Corporación, excepto cando unha razón de urxencia o impida. En xeral, a Comisión de Goberno fixará os plans de actuación das diversas áreas municipais e a programación temporal para a súa execución.

A Comisión de Goberno reunirse con periodicidade semanal.

2) Áreas de responsabilidade

Baixo os principios de que as decisións relevantes do goberno municipal se tomarán de forma colexiada e por consenso na Comisión de Goberno, e de que a

xestión ordinaria se levará a cabo de forma coordinada, as dúas forzas políticas acordan distribuír as diversas áreas de actuación do Concello do xeito seguinte:

Para os concelleiros do PSdeG-PSOE, as delegacións de:

- Urbanismo, obras e servicios.*
- Educación e Deportes.*
- Servicios Sociais.*
- Réxime interior, persoal e protección civil.*

Para os concelleiros do BNG, as delegacións de:

- Promoción económica, facenda e turismo.*
- Relacións veciñais.*
- Cultura e Xuventude.*
- Medio Ambiente.*

Muros, xuño do 2003.

Información pública

En cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais, o Concello de Muros anuncia que esta Alcaldía dictou o 16 de xuño do 2003 a seguinte resolución:

De conformidade co pacto de goberno asinado polo PSdeG-PSOE e o BNG e co que dispoñen os artigos 21.2 e 3 e 23.1, 3 e 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local; 61.2, 62 e 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e 43 e seguintes do Regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais,

Resolvo:

Primeiro.-Nomeamento da Comisión de Goberno.

Nomear como membros da Comisión de Goberno ós seguintes concelleiros: don Xoán Manuel Bazarra Águila, dona Caridad González Cerviño, dona María Dolores Caamaño Cernadas, don Belarmino Maneiro Rei e don Xosé Ramón Farinós López.

Segundo.-Nomeamento de tenentes de alcalde.

Nomear tenentes de alcalde ós seguintes concelleiros pola orde que se sinala:

Primeiro: don Xoán Manuel Bazarra Águila.

Segundo: dona Caridad González Cerviño.

Terceiro: dona María Dolores Caamaño Cernadas.

Cuarto: don Belarmino Maneiro Rei.

Quinto: don Xosé Ramón Farinós López.

Terceiro.-Delegación de competencias na Comisión de Goberno.

Delegar na Comisión de Goberno o exercicio das seguintes competencias da Alcaldía:

1) Dispor os gastos e aprobar os pagamentos que superen a contía de 900,00 euros e que non teñen o carácter de periódicos e obrigatorios ou urxentes. Destes últimos cumprirá informar á comisión na seguinte sesión.

2) Aprobar a oferta de emprego público con suxeición ó orzamento e ó cadro de persoal aprobados polo Pleno da Corporación, as bases das probas de selección do persoal funcionarios e laboral, das bases para a provisión de postos de

traballo e a distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.

3) O nomeamento do persoal funcionario e laboral e o exercicio das potestades organizatoria e disciplinaria en materia de persoal, coas limitacións que prevé a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en diante, LBRL).

4) Aprobar os proxectos de obras e servicios que lle competan ó alcalde e que teñan un orzamento de execución superior a 3.000,00 euros.

5) A contratación de obras, servicios, concesións e subministracións que lle competen ó alcalde e que teñan un orzamento superior a 3.000,00 euros.

6) A adquisición e o alleamento de bens e dereitos que lle corresponden ó alcalde e que teñan un valor superior a 3.000,00 euros.

7) Aprobar os criterios e normas sobre a xestión dos servicios públicos, cando non lle correspondan ó Pleno.

8) Probar os instrumentos de planeamento que desenvolvan o plan xeral, os instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización.

9) Outorgar as licencias urbanísticas de obras maiores e de actividades clasificadas.

10) A declaración de ruína dos inmobles, as ordes de execución de obras e as decisións sobre reposición da legalidade e sancionadoras en materia de disciplina urbanística, non sendo en casos de urxencia.

11) A resolución de toda clase de procedementos sancionadores que se tramiten por infraccións graves ou moi graves das ordenanzas municipais e, en xeral, do resto do ordenamento xurídico.

12) Os plans xerais de actuación das diversas áreas municipais e a programación temporal da súa execución, sen prexuízo das competencias que lle correspondan ó Pleno da Corporación.

Tamén se someterán á deliberación da Comisión de Goberno os asuntos que deban configurar a orde do día das sesións plenarias e dos outros órganos colexiados da Corporación, excepto cando unha razón de urxencia o impida.

Cuarto.-Nomeamento de concelleiros-delegados da Alcaldía.

Nomear concelleiros-delegados da Alcaldía con facultades para dirixir e xestionar os servicios correspondentes ós seguintes concelleiros:

- *Concelleiro-delegado de Promoción Económica, Facenda e Turismo, a don Xoán Manuel Bazarra Águila.*
- *Concelleira-delegada de Urbanismo, Obras e Servicios, a dona Caridad González Cerviño.*
- *Concelleira-delegada de Relacións Veciñais, a dona María Dolores Caamaño Cernadas.*
- *Concelleiro-delegado de Educación e Deportes, a don Belarmino Maneiro Rei.*
- *Concelleiro-delegado de Cultura e Xuventude, a don Xosé Ramón Farinós López.*
- *Concelleira-delegada para a Xestión de Servicios Sociais, a dona María Concepción Sande Noia.*
- *Concelleiro-delegado para a Xestión dos Servicios do Medio, a don Serafín García Castro.*
- *Concelleiro-delegado para a Xestión dos Servicios de Persoal e Protección Civil, a don Xulián Fernández Maio.*

Muros, 18 de xuño de 2003.

O alcalde, Celestino Formoso Vidal.

Información pública

En cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais, o Concello de Muros anuncia que esta Alcaldía dictou o 30 de xullo do 2004 a seguinte resolución:

"Trala correspondente deliberación no seo da Xunta de Goberno Local e como consecuencia do falecemento do anterior alcalde D. Celestino Formoso Vidal e da asunción da Alcaldía pola que subscribe, modifícase a resolución do 16 de xullo do 2003 sobre nomeamento da Xunta de Goberno Local, de tenentes de alcalde e de concelleiros-delegados no sentido seguinte:

PRIMEIRO.- Incorporáse como membro da Xunta de Goberno Local a concelleira Da. Concepción Sande Noia.

SEGUNDO.- D. Belarmino Maneiro Rei pasa a ser o segundo tenente de alcalde e Da. Concepción Sande Noia a cuarta.

TERCEIRO.- D. Belarmino Maneiro Rei asume a delegación de Urbanismo, obras e servizos."

Muros, 25 de setembro do 2004.

A ALCALDESA,

asdo.: Caridad González Cerviño

Decreto da Alcaldía número 365

De conformidade co disposto nos artigos 20.1.a), 21.1.a) e 21.2, 23.1 e 23.3 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, artigo 65.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, artigo 21 do RD Lex 781/1986, de 18 de abril, do Texto Refundido de Réxime Local e artigos 41.3, 46 e 52 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e rexíme xurídico das entidades locais.

RESOLVO:

Primeiro: Separar como membro da Xunta de Goberno Local do Concello de Muros por deslealdade pública e falta de confianza, ao concelleiro D. Xosé Ramón Farinós López, sendo os membros da Xunta de Goberno Local os seguintes:

- *D. Agustín Pais Lago.*
- *D Belarmino Maneiro Rei.*
- *D. María Dolores Caamaño Cernadas.*
- *D. Concepción Sande Noia.*
- *D. María Xosé Alfonso Torres.*

Segundo: Remover do seu cargo de Tenente de Alcalde do Concello de Muros por deslealdade pública e falta de confianza a D. Xosé Ramón Farinós López, sendo a orde de Tenentes de Alcalde a que a continuación se establece:

- *1º Tenente de Alcalde: Agustín Pais Lago.*
- *2º Tenente de Alcalde: Belarmino Maneiro Rei.*
- *3º Tenente de Alcalde: María Dolores Caamaño Cernadas.*
- *4º Tenente de Alcalde: Concepción Sande Noia.*
- *5º Tenente de Alcalde: María Xosé Alfonso Torres.*

Os Tenentes de Alcalde citados substituirán, pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde na totalidade das súas funcións nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, sen prexuízo de efectuar en cada caso a correspondente delegación.

Terceiro: Destituír como concelleiro delegado de promoción económica, facenda, cultura e mocidade e de calquera outro cargo que estea a desempeñar a Don Xosé Ramón Farinós López o que supón o cese no desempeño do seu cargo en réxime de dedicación exclusiva, ao abeiro do disposto no artigo 75 da Lei 7/1985,

de Bases de Réxime Local e no 13 do RD 2568/1986 do Regulamento de Organización e Funcionamento de Réxime Local por ser estas retribucións apareladas ao cargo segundo consta no acordo plenario de 14 de xullo de 2003 e na resolución de alcaldía de 17 de outubro de 2005 da que tivo coñecemento o Pleno de 28 de outubro de 2005.

Cuarto: Asumir esta Alcaldía, mentres non se adopte un acordo noutro senso, as funcións que ata o momento estaba a desempeñar o Sr. D. Xosé Ramón Farinós López.

Quinto: Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificar ao nomeado e publicar no BOP, sen perxuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da presente resolución.

Así o dispón e asina o Sra Alcaldesa-Presidenta DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO, en Muros, a 7 de xullo de 2006.

A ALCALDESA,

Decreto da Alcaldía número 377

En Muros o 12 de xullo do 2006, a Sra. Alcaldesa do Concello de Muros, Da. Caridad González Cerviño, dicta a seguinte

RESOLUCIÓN:

Como consecuencia do escrito presentado polo Bloque Nacionalista Galego con rexistro de entrada 2734 de 11 de xullo de 2006 no que os membros do dito partido se corresponsabilizan das manifestacións de Don Xosé Ramón Farinós López, apoiando polo tanto a deslealdade e a falta de confianza por el manifestada.

Tendo en conta que en toda Galicia o Partido Socialista non destituiu a ningún concelleiro das súas delegacións, ao igual que sucede neste concello no que renuncian voluntariamente ás concellarías que viñan detentando.

Esta Alcaldía estima que este é motivo suficiente para entender que desde o BNG se rompe o pacto do goberno do Concello de Muros.

RESOLVO:

Modificar a composición da Xunta de Goberno Local e a relación de tenentes da Alcaldía e delegacións no sentido seguintes:

Primeiro. Xunta de Goberno Local

Queda constituída polos seguintes concelleiros: D. Belarmino Maneiro Rey, Da. Concepción Sande Noya, D. Xulian Fernández Mayo e Da. María Dolores Barreiros Lestón.

Segundo. Relación de tenentes da Alcaldía

1º D. Belarmino Maneiro Rey,

2º Da. Concepción Sande Noya,

3º D. Xulian Fernández Mayo e

4º Da. María Dolores Barreiros Lestón.

Terceiro. Delegación da Alcaldía

Ademáis das delegacións que xa tiñan os tenentes de Alcaldía antes indicados, asumen as seguintes áreas:

D. Belarmino Maneiro Rey, cultura e medioambiente.

Da. Concepción Sande Noya, xuventude.

D. Xulian Fernández Mayo, relacións veciñais.

Da. María Dolores Barreiros Lestón, promoción económica, facenda e turismo.

Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e daxase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

A ALCALDESA

Caridad González Cerviño

Bibliografía

ANDUIZA PEREA, EVA. *Comportamiento político y electoral.* Ariel. Barcelona. 2004.

BERICAT ALASTUEY, EDUARDO. *La integración de los métodos cuantitativo y cualitativo en la investigación social: significado y medida.* Ariel. Barcelona. 1998.

CASTILLO DEL, PILAR (Ed.). *Comportamiento político y electoral.* CIS. Madrid. 1994.

LIPSET, SEYMOUR MARTIN. *El hombre político: las bases sociales de la política.* Tecnos. Madrid. 1987.

MÁRQUEZ CRUZ, GUILLERMO. “Las coaliciones políticas en las instituciones del sistema político local en España: gobiernos locales y diputaciones provinciales”. En Anuario del Gobierno Local 2002. Los nuevos retos del urbanismo. Especial: Elecciones locales (separata) páxs 189-253. Fundación Democracia y Gobierno Local. Barcelona. 2003.

MÁRQUEZ CRUZ, GUILLERMO. “Bases para el estudio de la inestabilidad política en los gobiernos locales”. En Separata de: Revista de Estudios Políticos, nº86. páx. 261-311. Centro de Estudios Constitucionales. Madrid. 1994.

MATAS, JORDI (Ed.). *Coaliciones políticas y gobernabilidad.* Institut de Ciències Polítiques i Socials. Barcelona. 2000

VILAS NOGUEIRA, XOSÉ. “Bienestar individual e interés por la política”. En RIPS: Revista de investigaciones políticas y sociológicas. vol.2 nº1. (2003).